

“PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2021-2022”

1.

Datos do centro

Código	Denominación
36019441	CEIP DE PETELOS

Enderezo		C.P.
Camiño das Pozas 21- Estivada- Petelos		36416
Localidade	Concello	Provincia
Mos	Mos	Pontevedra
Teléfono	Correo electrónico	
886110360	ceip.petelos@edu.xunta.gal	
Páxina Web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdepelotos/		

adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2021/2022, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

2. Membros do equipo COVID

Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)		886110360	
Membro 1	Leticia Blanco Collazo Suplente: María Iglesias Domínguez	Cargo	Dirección Xefa de estudos
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Nomear membros e suplentes no equipo covid. • Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia. • Coordinación do equipo covid. • Xestionar a adquisición de material de protección necesario. • Comunicación de casos • Introducir os datos na aplicación EDUCOVID 		
Membro 2	Sandra Campos Troncoso	Cargo	Ed. Infantil
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar as propostas do equipo de educación infantil. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de infantil. • Difundir a información ao ciclo de infantil e ás familias 		
Membro 3	María Jesús Navarta Pardo	Cargo	Pedagogía Terapéutica
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar as propostas do equipo docente de primaria. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de primaria. • Garantir a difusión da información ao profesorado de primaria e ás familias. 		

3. Centro de saúde de referencia

Centro	Centro de saúde de Mos Avda. Do Rebullón,31	Teléfono	986 48 66 67
Contacto	Alicia Virseda Sacristán		

4. Espazo de illamento (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)

Para o espazo de illamento COVID, empregaremos o cuarto de apoio situado na planta principal do centro. Este espazo contará cunha papeleira con tapa, xel desinfectante e material de hixiene (panos desbotables, material para a desinfección, máscaras,...)
Ademais este cuarto ten unha boa ventilación ao contar con 2 ventanais.

5. Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)

Ed. Infantil	Número de alumnos	Ed. Primaria	Número de alumnos
4º	14	1º	13
5º	18	2º	16
6º	14	3º	16
		4º	14
		5ºA	18
		5ºB	10
		6º	18

6. Cadro de persoal do centro educativo

Mestres do centro

Ed. Infantil	Ed. Primaria	Francés	Inglés	Música	Ed. Física	PT	AL	Reixión	Orientación
4	6	1	1	1	1	2	2	1	1

- Persoal non docente: 1 (coidadora)
- Persoal mantemento: 1
- Persoal de limpeza: 2

7. Determinación dos grupos estables de convivencia

Etapa	INFANTIL	Nivel	Grupo
Aula	3 anos	Nº de alumnado asignado 14	Nº de profesorado asignado 5

GRUPOS COLABORATIVOS: 3 (Máximo 5 alumnos)

Etapa	INFANTIL	Nivel	Grupo
Aula	4 anos	Nº de alumnado asignado 18	Nº de profesorado asignado 5

GRUPOS COLABORATIVOS: 3

Etapa	INFANTIL			Nivel		Grupo	
Aula	5 anos	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado		9	

GRUPOS COLABORATIVOS: 3

Etapa	PRIMARIA			Nivel		Grupo	
Aula	1º	Nº de alumnado asignado	13	Nº de profesorado asignado		5	

Etapa	PRIMARIA			Nivel		Grupo	
Aula	2º	Nº de alumnado asignado	16	Nº de profesorado asignado		5	

Etapa	PRIMARIA			Nivel		Grupo	
Aula	3º	Nº de alumnado asignado	16	Nº de profesorado asignado		5	

Etapa	PRIMARIA			Nivel		Grupo	
Aula	4º	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado		8	

Etapa	PRIMARIA			Nivel		Grupo	
Aula	5ºA	Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado		6	

Etapa	PRIMARIA			Nivel		Grupo	
Aula	5ºB	Nº de alumnado asignado	10	Nº de profesorado asignado		8	

Etapa	PRIMARIA			Nivel		Grupo	
Aula	6º	Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado		5	

8. Medidas específicas para grupos estables de convivencia (con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)

Os grupos estables de convivencia terán as mesmas normas que o resto á hora de actuar cando non estean na súa aula. Deste xeito empregarán a máscara sempre, agás os de educación infantil, nos espazos comúns e recreo, así como nas entradas e saídas.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

- En tódalas aulas colocarse un dispensador de xel á entrada.
- En tódalas aulas haberá panos desbotables, líquido desinfectante e papeleiras con bolsa e tapa.
- O alumnado permanecerá en todo momento coa máscara posta, podendo sacala en contadas excepción, como son para beber ou merendar e sempre co permiso do mestre.
- Distribución de espazos segundo a capacidade da aula de tal xeito que se manteña a maior distancia posible.
- Formar grupos de traballo cooperativo estables, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre grupos. Deste xeito, garantimos que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos dun máximo de catro alumnos.
- A separación entre pupitres será de 1,2m dende o centro da cadeira.
- Cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común).
- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, música ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada.
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula.
- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material, cando este sexa gardado de xeito grupal, o alumno/a encargado/a de material procederá á preceptiva desinfección de mans antes de levalo a cabo.
- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra, realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcolico do rotulador que empregue.
- Dentro da aula será o mestre quen se encargue de abrir/pechar portas, prender/apagar luces, subir/baixar persianas...
- Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá facer unha correcta desinfección de mans.

Estas recomendacións permiten non variar en exceso a metodoloxía de traballo habitual no centro ao mesmo tempo que conseguen ter un pouco máis de seguridade na convivencia. Algunhas das restricións limitan á liberdade coa que habitualmente se movía o alumnado, pero a situación require dun pequeno esforzo.

9. CANLE DE COMUNICACIÓN para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo covid para comunicar incidencias e ausencias.

A canle de comunicación (interna) será a través dunha aplicación móbil (Wassapp) e do correo electrónico corporativo. Para a comunicación cos membros da comunidade educativa empregarase a aplicación Abalar-móbil , o teléfono do centro e a web.

10. Rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.

Ausencias do alumnado: cada titor recollerá diariamente nun listado proporcionado o comezo de curso as ausencias dos alumnos. Estas ausencias rexistraranse a través do XADE.

Ausencias do persoal: A xefatura de estudos levará un rexistro das faltas do persoal que serán trasladadas o XADE e antes do 5 de cada mes enviadas a inspección educativa.

No caso de ausencias relacionadas con sintomatoloxía compatible coa Covid avisarase á coordinadora do equipo Covid que levará un rexistro destas ausencias.

11. Procedemento de comunicación de incidencias as autoridades sanitarias e educativas a través da aplicación informática.

- Aviso ao coordinador covid-19.

- A partir de aquí, establecerase a comunicación do coordinador covid-19 coas autoridades sanitarias e a familia do afectado.

1º- Porse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC), para identificar contactos estreitos do ámbito educativo.

2º O CSC porase en contacto co caso confirmado para facilitarlle as indicacións de illamento. Neste contacto identifícase o centro educativo, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid a través da aplicación EduCovid solicitando os contactos estreitos.

3º- O equipo Covid porase en contacto coa CSC. Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCovid.

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

12. Situación de pupitres

En función do número de alumnos/as, mostramos diferentes opcións de colocación dos pupitres, poden verse nos distintos planos ou fotos que figuran nos anexos.

13 Identificación de espazos ou salas para asignar grupos

.

Non procede.

14. Determinación das medidas para o uso dos espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro. Modelo cuestionario de avaliación .

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adoptamos as seguintes medidas:

- Emprego de máscara como norma xeral.
- Ademais de contar con máscaras transparentes as aulas de PT e AL contarán con mamparas de protección que serán empregadas cando sexa necesario.
- Aconséllase ao profesorado destas dúas especialidades que empreguen viseiras protectoras, xa que, en moitas ocasións, o seu labor é incompatible co emprego da máscara.
- Entre cada sesión con presenza de alumnado nestas aulas realizarase unha ventilación de cinco minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.

Como modelo de cuestionario empregaremos o que figura no protocolo, que irá anexo ao plan. (ANEXO III)

15. Titorías coas familias

As titorías coas familias realizaranse, sempre que sexa posible de xeito non presencial (telefónicas, videoconferencia,..). De non ser posible realizaranse na aula ordinaria, respectando a distancia de seguridade entre os asistentes a reunión e co uso de máscara de protección (sempre que non haxa contraindicación ó respecto)

16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro

. Para a comunicación cos membros da comunidade educativa empregárase a aplicación Abalar-móbil , o teléfono do centro, a web e o correo electrónico.

17. Uso da máscara no centro

O alumnado(a partir do día en que cumplan 6 anos) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

Para o alumnado menor de 6 anos recoméndase tamén o uso da máscara en toda a xornada escolar.

A obriga contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara , ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a da persoa obrigada.

O uso adicional de viseiras protectoras non é obrigado aínda que non se prohíbe para as persoas que voluntariamente as usen.

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

O Plan estará publicado na páxina web do centro no apartado de “Documentos”.

Avisarase á comunidade educativa da súa publicación a través de Abalar.

Cada titor presentaraos aos familias na reunión inicial de curso.

MEDIDAS DE LIMPEZA

19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente

En horario de mañán haberá unha persoa de limpeza no centro, que se centrará principalmente:

- Desinfección e limpeza dos aseos do centro (3 veces o día),
- Desinfección da zona de secretaría e as aulas de uso común.
- Limpeza de pasamáns, pomos...
- Desinfección zonas de Asemblea nas aulas de Educación Infantil

En horario de tarde, unha vez rematada a xornada escolar, farase a limpeza:

- Aulas de uso por parte de grupos estables de convivencia.
- Comedor
- Sala de mestres
- Dirección, sala de fotocopias...

(Ver ANEXO IV: Protocolo de Limpeza)

20. Distribución horaria do persoal de limpeza

Contaremos con dúas persoas, unha en horario de mañá (8:00 a 15:00) e outra de tarde (15:00 a 21:00)

21. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

VER PROTOCOLO DE LIMPEZA, ANEXO IV

22. Cadro de control de limpeza dos aseos

VER PROTOCOLO DE LIMPEZA, ANEXO IV

23. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula)

Ver Anexo V

Deben de realizarse tarefas de ventilación cruzadaq frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases, sempre que sexa posible e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.

Cando un mestre de clase nun mesmo espazo con diferentes alumnos /as de xeito consecutivo, ventilarase a aula polo menos 15 minutos logo de cada sesión.

Cando as condiciones meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

24 Determinación dos espazos para a xestión de residuos

.

Os residuos xerados no centro desbotaránse nas papeleiras do centro.

Aqueles residuos de especial sensibilidade / dificultade (máscaras, panos de papel, panos de limpeza de mans desbotables,...), desbotaranse nas papeleiras con bolsa e tapa e recolleranse o final da xornada escolar para depositalos no contedor de restos.

Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

MATERIAL DE PROTECCIÓN

25 Rexistro e inventario do material do que dispón o centro

.

- A persoa que exerza a secretaría do centro será a responsable de inventariar todo o material de protección que dispón o centro. Para iso, crearase un apartado específico dentro do cadro xeral do centro denominado “material covid-19”.

26. Determinación do sistema de compras do material de protección

A adquisición de material de protección (xabón, xel hidroalcohólica, produtos desinfectantes, panos desbotables, máscaras de protección(so para facilitar naqueles casos que sexa necesario, pois cada alumno deberá asistir coa súa máscara propia)), realizarase conxuntamente entre o centro e o Concello de Mos (responsable da limpeza do centro).

Do correspondente ó centro encargárase o equipo directivo da adquisición e reposición do material.

27. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

Nos espazos comúns do centro será un dos membros do equipo COVID o responsable de vixiar e informar da falta de material para súa adquisición.

En cada aula será o mestre- titor o responsable de repor e informar da falta de material.

XESTIÓN DOS GROMOS

28. Medidas

Pode consultarse no Plan de continxencia (Anexo I)

29. Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos , os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro. A aplicación xerará unha alerta na central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.



XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

**3 Canle de petición das solicitudes , de comunicación coa xefatura territorial e de
0 solicitude, de ser o caso de persoal substituto.**



- O risco do persoal docente e non docente é considerado como similar ao risco comunitario e clasifícase, polo tanto como nivel de risco, NR1
- De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 (as persoas con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida(IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos) realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa.
- O simple feito de que o traballador/a presente algunhas das patoloxías indicadas non determina a súa consideración de traballador/a como especialmente sensible.

Cando un/unha traballador/a se atope dentro dun grupo vulnerable dos sinalados anteriormente, deberanse seguir os seguintes pasos:

1. A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde, deberá dirixir a súa solicitude á dirección do centro educativo onde presta os seus servizos, na que exprese que concorren as causas para considerar o/a traballador/a como grupo vulnerable e susceptible de ser considerado persoal sensible.
2. A dirección do centro educativo emitirá, por cada solicitante, un informe no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes. Porase a disposición das direccións un modelo de informe simplificado no Portal da dirección (anexo IV).
3. A dirección do centro educativo remitirá cada día en que existan solicitudes unha relación das peticións de valoración da sensibilidade do/a traballador/a e do posto, xunto cos informes emitidos, á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación do ámbito provincial onde radique o dito centro de traballo.
4. A Inspección Médica Educativa analizará a petición achegada, e solicitará mediante correo electrónico ao/á traballador/a a documentación acreditativa da súa situación que resulte procedente para resolver a adaptación do posto de traballo ou a declaración de persoal como sensible.

Coa análise da devandita documentación e da relativa aos posibles riscos existentes no centro de traballo da persoa solicitante, o facultativo emitirá informe.

5. A Inspección Médica Educativa poderá solicitar, se fose preciso, un informe preventivo adicional de carácter complementario ao Servizo de Prevención de Riscos laborais da Consellería de Educación, quen, a súa vez, o recadará do servizo sanitario preventivo contratado.

A actuación do servizo sanitario non suporá a necesidade de desprazamento nin do/da traballador/a nin do facultativo e realizarase a través da análise da documentación que aquel/a lle achegue.

Resulta obrigatorio para o/a traballador/a achegar toda a documentación requirida polo servizo sanitario nun prazo máximo de 3 días hábiles ; no caso contrario, entenderase que desiste da súa petición.

O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores.

6. Mentres se tramita o informe da Inspección Médica, o/a traballador/a terá a obriga de acudir presencialmente ao centro.

7. No que se refire ao informe que emitirá o servizo sanitario, deberá establecer algunha das seguintes medidas:

a) Establecer que non concorre especial sensibilidade no/na traballador/a e que haberá que seguir mantendo as medidas de prevención establecidas no presente protocolo e que polo tanto pode realizar a súa actividade presencialmente de conformidade co previsto no anexo II.

b) Se hai algunha circunstancia no posto de traballo que poida elevar o risco na saúde da persoa traballadora, realizará un informe de adaptación de posto no que se lle indiquen ao responsable da dirección do centro as medidas de prevención, adaptación e protección que se deban adoptar. Estas medidas poderán consistir na adaptación do posto de traballo, dotación dunha protección adecuada que evite o contacto ou de recolocación a outras funcións exentas de risco, tendo en conta as pautas incluídas no anexo II.

c) Como última medida e, unha vez acreditada a imposibilidade de realizar as medidas do punto anterior, o facultativo emitirá informe en que indique a imposibilidade de adaptación do posto de traballo e a imposibilidade de aplicar unha protección adecuada que evite o contaxio ou recolocación a outras funcións exentas de risco e, polo tanto, considerárase ao/a traballador/a como especialmente sensible para os efectos da tramitación, de ser o caso, da incapacidade laboral.

Para efectos do estudo das circunstancias concorrentes para a declaración dun/ha traballador/a como especialmente sensible, realizarase o estudo das patoloxías do traballador en relación co seu posto de traballo, avaliando especificamente o risco que supoñen as súas funcións en relación coas súas doenzas.

Cómpre destacar que se as circunstancias do posto de traballo non variaron respecto á situación previa da pandemia do coronavirus, non existe no/a traballador/a maior sensibilidade que a que existía con anterioridade.

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

31. Entradas e saídas

Entradas. Acceso ao centro: Accederase ao recinto polo portal da entrada principal e o portal que da acceso ó patio de infantil (co fin de evitar aglomeracións na entrada). Só poderá acceder un único acompañante por alumno ou alumna

Saídas: Os alumnos transportados sairán pola cancela do patio de infantil para acceder ós autobuses e o resto do alumnado sairá pola porta principal do recinto, evitando as aglomeracións de pais/nais e alumno e alumnas tanto no patio do centro, como na entrada principal.

32. Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo

As portas de entrada ó centro serán coma sempre 3:

- PORTA INFANTIL: 4º e 5º de EDUCACIÓN INFANTIL
- PORTA ESQUERDA: 3º, 4º, 5ºA e 5ºB de EDUCACIÓN PRIMARIA
- PORTA DEREITA: 6º de EDUCACIÓN INFANTIL, 1º, 2º e 6º de E.PRIMARIA

Diante de cada porta haberá sinalización no chan que indica onde se terán que situar os alumnos/as co fin de non misturarse con outros grupos, entrar ordenadamente e poder manter distancia de seguridade entre eles.

A circulación polo centro será pola dereita seguindo as indicacións de pegadas que se atopan no chan.

33. Cartelería e sinalética

O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.

Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual.

Colocarase no centro cartelería para manter a distancia de seguridade, información sobre o uso da máscara e sobre as medidas de hixiene que se seguirán.

Colocarase no chan e nas escaleiras pegadas azuis indicando a dirección dos desprazamentos, para que se produzan a menor cantidade de interaccións posibles entre os diferentes alumnos e persoal do centro.

34. Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado

O alumnado transportado accederá ao centro pola porta principal.

A medida que vaian entrando distribuiremos o alumnado nun espazo diferenciado baixo a vixilancia dun mestre (excepto en 5º e 6º que haberá dous mestres). Será unha separación en tres grupos atendendo ás idades:

- Infantil, 1º e 2º: Salón de actos
- 3º e 4º: Aula apoio
- 5º e 6º: Recuncho de lectura

Para a saída os alumnos de cada liña reuniranse no patio e farán as 3 filas, gardando a distancia de seguridade e co uso de máscara. A liña de Petelos- Veigadaña reunirse no patio de infantil (sempre e cando non chova)

35. Asignación do profesorado encargado da vixilancia

Haberá 3 mestres de vixilancia de autobús diariamente, encargado cada un dun espazo/liña.

MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPA

36. Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada

- O plan madrugadores, en principio, seguirá a funcionar organizado pola ANPA en colaboración co Concello . O curso pasado tivo uns 5 inscritos, que empregaban o servizo de xeito irregular.
 - O espazo principal será o comedor do centro.
 - Seguiranse as medidas de seguridade, hixiene e protección establecidas para todo o centro. tendo en conta que ó tratarse de nenos e nenas de diferentes grupos non poderán interactuar entre eles e deberán gardar a distancia de seguridade de 1,5 m.
 - Ás 9:15h finalizará o servizo, de tal xeito que o alumnado será acompañado pola monitora ata a zona de filas do centro. Dende alí accederá á zona de aulas acompañado polo seu titor ou titora.
- Será obrigatorio o uso de máscara en Educación primaria e recoméndase o seu uso para o alumnado de educación Infantil sempre que exista boa tolerancia.

37. Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor

Pendente de confirmar coa ANPA
Cada unha das actividades que se realicen no centro contarán coas medidas de prevención, hixiene e seguridade establecidas no presente Plan. (Ver Anexo)

38. Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar

As xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar desenvolveranse no Salón de actos do centro, mantendo as distancias e co uso da máscara en todo momento. Sempre que sexa posible intentarase que as reunións sexan presenciais, de non poder garantir as medidas mínimas de hixiene e protección realizaranse de xeito telemático.

As convocatorias serán remitidas aos membros do órgano Colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións (no caso de que se realice de xeito telemático).

39. Previsión de realización de tutorías e comunicacións coas familias

Na realización de reunións de tutorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante videochamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade, o emprego de máscara e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

As tutorías realizaranse de xeito presencial, sempre que sexa posible, na aula correspondente ao alumnado. As comunicacións coas familias realizaranse segundo o Plan de comunicación do centro.

40. Normas para a realización de eventos

Os diferentes eventos e celebracións do centro realizaranse ó aire libre, co uso da máscara e tratando de manter a distancia de seguridade entre os diferentes grupos de convivencia.

- As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a nosa contorna.

MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

41. Medidas

- Uso da máscara é obrigatorio no transporte escolar.
- Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.
- Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar.

O alumnado transportado accederá ao centro pola porta principal.

A medida que vaian entrando distribuiremos o alumnado nun espazo diferenciado baixo a vixilancia dun mestre (excepto en 5º e 6º que haberá dous mestres). Será unha separación en tres grupos atendendo ás idades:

- Infantil, 1º e 2º: Salón de actos
- 3º e 4º: Aula de apoio.
- 5º e 6º: recuncho de lectura

Para a saída os alumnos de cada liña reuniranse no patio e farán as 3 filas, gardando a distancia de seguridade e co uso de máscara. A liña de Petelos- Veigadaña reunirse no patio de infantil (sempre e cando non chova)

MEDIDAS DE USO DO COMEDOR

42. Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado

- O uso do comedor escolar quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia (32 comensais)
- Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza.
- Asignaranse postos fixos durante todo o ano.
- Farase un rexistro dos lugares que ocupa cada un dos nenos.
- Os menús serán os utilizados habitualmente segundo a tempada. Cando sexa posible os menús serán empratados en cociña e servidos en bandexa.
- No caso de existir varios pratos secuenciais recoméndase o uso da mascarilla entre prato e prato.

43. **Persoal colaborador**

.

2 persoas coidadoras proporcionadas pola empresa que xestiona o comedor.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

44. **Aulas especiais, ximnacios, pistas cubertas...**

Extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

Evitarase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros. Nos caso de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de fruta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros.

Onde a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

45. **Educación física**

No caso da clase de educación física o uso de máscara será obrigatorio agás que se realice no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.

Na medida do posible minimizando o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans.

Realizaranse as modificacións precisas na programación da materia .

46. Cambio de aula

A norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais.

Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.

Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

47. Biblioteca

A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu aforo. Excepcionalmente, se fose posible polo tamaño da mesma, o equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.

O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 4 horas antes de volver aos andeis. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.

Consultar Protocolo de Acceso á Biblioteca no Anexo VI

48. Aseos

O uso dos aseos continuará como ata agora:

- Infantil 3 e 4 anos: utilizarán os aseos situados entre as dúas aulas
- Infantil 5 anos e 1º E.P.: utilizarán os aseos da planta baixa.
- 2º, 3º, 4º A e B, 5º e 6º utilizarán os aseos da 1ª planta.

No caso do alumnado de E.I. ou con NEE o persoal coidador que acompaña o alumnado ó aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

Esta persoa, cando teña que cambiar de roupa a algún alumno ou alumna empregará o aseo de infantil.

MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

49 Horarios e espazos

A merenda recoméndase facer na aula.

División dos espazos:

Dividiremos os espazos de tal forma que cada grupo conte cunha parcela ben diferenciada dentro do recinto adicado a patio. Así en Educación Primaria contaremos con sete espazos en En Educación Infantil con 3. Se a situación sanitaria é boa as aulas de 5ºA e 5ºB compartirán espazo.

Estas zonas no son intercambiabes diariamente, pero sí que se poden ir rotando mensualmente en función das necesidades dos nenos. En Ed. Infantil a rotación será semanal.

En caso de chuvia, os alumnos permanecerán na súa aula durante o tempo de lecer vixiados polos titores coa axuda dos especialistas.

Se a transmisión é moi baixa permitirase ós grupos interaccionar con outros grupos do mesmo curso.

50. Profesorado de vixilancia

No patio de educación Infantil haberá 2 mestres.
No patio de educación primaria haberá 3 mestres que poderán aumentar ou diminuir en función das necesidades.

MEDIDAS ESPECIFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA

51. Metodoloxía e uso de baños

- Iniciarase a xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico e se incluírán dentro da rutina de Asamblea.
- Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo.
- Na aula traballarase en grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos) que se constituirán como subdivididos dos grupos estables de convivencia e traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos.
- Para o traballo de mesa se situará o alumnado nunha mesa longa, alternando os espazos, de tal maneira que nunca estean enfrontados.
- Cada alumno/a disporá dun tupper co seu material individual (lápiz, ceras, plastilina...) que será gardado nuns casilleiros de tal xeito que non teñan que compartir o material de traballo.
- Para o xogo en recantos (ambientes) delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas serán de fácil desinfección.
- Eliminaráanse xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios.
- Desinfectarás as mans nada máis entrar ó centro, sendo as mestras quen lles vaian dispensando o xel hidroalcohólico.
- Despois de cada actividade grupal (assemblea, traballo manipulativo en grupo...) se desinfectarán as mans.
- Antes e despois da merenda lavarás as mans.
- Antes e despois de saír ó patio, aula de música, ximnasio... desinfectarás as mans.
- 3 e 4 anos empregarán os baños situados no medio das dúas clases.
- 5 anos utilizará preferentemente os aseos das nenas situado na planta baixa.

52. Actividades e merenda

- Recreo: Reforzarase a vixilancia, procurando evitar o contacto.
- A organización dos espazos de recreo, en Ed. Infantil, consistirá na división do patio en tres zonas ben delimitadas que serán empregadas por cada un dos grupos .
- Merenda.: A merenda realizarase de xeito individual en espazos diferenciados dentro da aula.

Nestes grupos de idade cando formen grupos estables de convivencia non esixirá o uso obrigado de máscara nos recreos ou cambios de clase pero si que se recomendará o seu uso.

MEDIDAS ESPECIFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

53. **Medidas** (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)

PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

54. Medidas

Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

O profesorado disporá dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidro alcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

O aforo máximo de sala de profesores será de 7 persoas e no Departamento de orientación de 3 persoas xa que permite cumprir a distancia de seguridade de 1,5 metros, e lembrese a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou cafeteira.

55. Órganos colexiados

As reunións dos órganos colexiados realizaranse no Salón de Actos, que permite manter a distancia mínima de 1,5 metros, entre os asistentes e co uso da máscara.

MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

56. Formación en educación en saúde

- Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á covid-19.
- Con respecto a este punto, cumpriranse coas premisas descritas no protocolo das Consellerías de Educación e Sanidade.
- O equipo COVID asegurarse de que toda a información chega a toda a comunidade educativa.

57. Difusión das medidas de prevención e protección

Establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro. A previsión o longo do curso é a realización de diferentes charlas informativas o respecto do tema.

58. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas

Profesorado encargado e colaborador na aula virtual:

- Azucena Rodríguez Campo
- Leticia Blanco Collazo

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo. Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

Durante o mes de setembro, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado. Realizaranse as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos alumnos/as a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible (os coordinadores TIC poderán crear modelos básicos que sexan homoxéneos para a totalidade dos cursos e que faciliten o labor do profesorado con menor experiencia no uso). Porase a disposición do profesorado uns videotutoriais para a realización das tarefas de primeira posta en funcionamento da aula virtual.

Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os/as do alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual. Crearase tamén un usuario na aula virtual para o/a inspector/a do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito/a inspector o seu usuario e clave.

No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

Continuarase coa oferta de formación en aulas virtuais. As persoas asesoras Abalar de zona e da UAC (Unidade de Atención a Centros) prestarán especial atención para a atención dos problemas tecnolóxicos que poidan xurdir. Para fornecer de contidos á aula virtual o profesorado poderá usar os dispoñibles no espazo Abalar, os que figuran na web do Ministerio, ou calquera outro dispoñible.

59. Difusión do plan

O “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas.


ANEXO II: SITUACIÓN DE PUPITRES.

Tendo en conta que o noso alumnado, tanto de infantil como de primaria está organizado en grupos estables de convivencia a distancia na colocación dos pupitres estará supeditada ao tamaño da aula, tratando de que sexa a maior posible.

Nas seguintes fotos se pode ver como é a distribución nalgunhas das aulas do centro:



**Aulas de primaria*



**Aulas de primaria*



**Aulas de primaria e infantil con grupos colaborativos.*

ANEXO III

ANEXO IX: CUESTIONARIO DE PREVENCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS

Para facilitar unha ferramenta de control rápido e eficaz da implantación das medidas previstas en canto á prevención e protección, tanto de traballadores como de alumnos e visitas ao centro, se adxunta a modo de plan de acción o seguinte cuestionario como guía de implantación e que pode ser anexado ao Plan de adaptación a situación COVID -19 NO CURSO 2021/2022.

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
Id.	Procedementos sanitarios relativos ao control da enfermidade			
1.1.	¿Informouse aos traballadores de non acudir ao centro de traballo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
1.2	¿Informouse aos pais/nais/titores dos alumnos de non envialos ao centro educativo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
1.3	¿Estableceuse no centro o procedemento para seguir se algún traballador ou alumno presenta síntomas da enfermidade no centro educativo?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
Id.	Medidas Organizativas			
2.1	¿Establecéronse quendas ou procedemento de acceso para garantir que non se producen aglomeracións no acceso e mantéñense as distancias de seguridade? En caso necesario, establecéronse entradas e saídas diferenciadas que garantan a distancia entre persoas?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.2	¿Dimensionaronse os espazos de traballo seguindo as indicacións dos procedementos da Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
2.3	¿Asegúrase que tanto os alumnos como os docentes teñan fácil acceso a auga e xabón, así como, papel desbotable para secado e papeleiras no centro educativo? Se é necesario, dispónse de dispensadores xabonosos e/ou de solución alcohólica desinfectante ao dispor dos traballadores e dos alumnos?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.4	¿Colocáronse pantallas protectoras de metacrilato ou similar para zonas de atención a público, como na área de administración, etc.? Definíronse adicionalmente os equipos de protección a utilizar?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.5	¿Estableceuse, en caso necesario, un fluxo controlado na entrada e saída dos alumnos, evitando o cruzamento duns e outros?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.6	¿Definíronse sentidos de circulación nas zonas de maior confluencia, diferenciando ambos os sentidos mediante cintas de separación e/ou vinilo adhesivo no pavimento?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.8	¿Limitáronse as visitas e contactos con visitas (pais/nais, provedores) ao mínimo posible?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.9	Para as aulas ¿Adecuáronse ás pautas marcadas pola Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.10	¿Limitáanse as reunións presenciais?, En caso de realizalas, mantense a distancia de seguridade de 1,5 metros, así como as medidas hixiénicas e distanciamento social?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.11	¿Habilítanse zonas de recepción de mercadorías que respecten as distancias de seguridade?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
2.12	¿Establecéronse normas específicas para o uso de aseos?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.13	¿Establecéronse normas específicas para o uso de vestuarios?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.14	¿Establecéronse normas específicas para as salas de reunións?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.15	¿Establecéronse normas específicas para o comedor segundo o procedemento da Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.16	¿Conta con papeleiras ou contedores protexidos con tapa e accionados por pedal?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.17	¿Dispónse de bandexas ou similar para o intercambio de papeis na área de administración?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.18	¿Evítase compartir obxectos ou equipos de traballo, en caso necesario, hixienízanse antes de cada uso?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
2.19	¿Limitouse o uso de ascensores a unha única persoa, salvo forza maior (limitacións de mobilidade)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
Id.	Formación e información dos traballadores			
3.1	¿O persoal é informado dun xeito fiable e actualizado das recomendacións sanitarias que se deben seguir de xeito individual?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.2	¿Formouse aos traballadores na prevención do contaxio e as medidas a adoptar, específicas para o lugar de traballo, así como o equipamento de protección a empregar?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.3	¿Informouse aos traballadores sobre as medidas preventivas que deben adoptarse cando viaxan ao lugar de traballo?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.4	¿Informouse ao persoal sobre como eliminar o material de uso de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, panos, etc.)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.5	¿Valorouse e adquiriuse un stock suficiente de equipos de protección segundo o marcado pola Consellería?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
Id.	Limpeza e desinfección das instalación			
3.6	¿Dispuxéronse os produtos de limpeza e proteccións necesarias para poder emprender e manter a actividade e limpeza requirida?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.7	¿Realízase unha correcta limpeza das instalacións, en relación coa súa periodicidade?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
3.8	¿Informouse ao persoal de limpeza sobre os aspectos necesarios para limpar os cuartos, con especial énfase nas superficies, especialmente aquelas que son tocadas con maior frecuencia como as fiestras ou os tiradores das portas, os dispositivos que usan habitualmente o alumnado e persoal, mesas e ordenadores?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.9	¿Déronse instrucións aos traballadores para depositar o material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) na fracción de resto (agrupación de residuos domésticos que se obtén unha vez realizadas as recollidas separadas)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.10	¿Estableceuse un mecanismo para a eliminación de residuos procedentes dunha persoa que presentou síntomas da enfermidade e os elementos de limpeza empregados neste caso?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.11	¿Establecéronse directrices para reforzar a ventilación periódica nas instalacións, diariamente e adicionalmente con ventilación natural durante máis de quinze minutos?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
Id.	Sinalización			
3.12	¿Indicáronse as normas hixiénicas básicas que hai que observar (lavar as mans, non tocar a cara, toser en papel desbotable ou no cóbado, etc.)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.13	¿Sinalizáronse as normas de acceso relativas aos alumnos,			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.14	¿Sinalizáronse mediante marcas no chan ou similar as distancias de seguridade a manter durante o acceso ao centro educativo e no resto de zonas necesarias (zona de comedor, biblioteca, etc.), segundo o marcado pola Consellería de Educación?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
3.15	¿Sinalizouse, no acceso ao centro de traballo, a prohibición de acceder a calquera persoa que presente síntomas da enfermidade?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				
3.16	¿Sinalizáronse as normas de uso en zonas comúns (salas de reunións, vestiarios, comedor, etc.)?			
Detalle de medidas implantadas polo centro educativo:				

PROTOCOLO DE LIMPEZA

A consellería de Educación, Universidade e Formación profesional e o conselleiro de Sanidade aprobaron o *Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022*, que inclúe entre as medidas de prevención básicas unhas medidas xerais de limpeza con expresa referencia á súa obrigatoriedade para o persoal dos concellos en aplicación das competencias municipais de mantemento e conservación dos centros públicos de educación infantil, educación primaria e educación.

Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente

En horario de **mañá** haberá unha persoa de limpeza no centro, que se centrará principalmente:

- Desinfección e limpeza dos aseos do centro , prestando especial atención as billas, elementos das cisternas e outros dos aseos. Esta tarefa realizarase como mínimo 2 veces ó día.
- En cada baño haberá un cadro de control de limpeza que deberá ser cuberto polas persoas encargadas da mesma.(Ver Anexo I)
- Desinfección da zona de secretaría e as aulas de uso común.
- Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns chans, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características.
- Desinfección zonas de Asemblea nas aulas de Educación Infantil.
- Aula de illamento (de ser necesario).

En horario de **tarde**, unha vez rematada a xornada escolar, farase a limpeza:

- Aulas de uso por parte de grupos estables de convivencia.
- Aula de illamento.
- Limpeza de papeleiras (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.
- Comedor
- Sala de mestres
- Dirección, sala de fotocopias...

Distribución horaria do persoal de limpeza


Contaremos con dúas persoas, unha en horario de mañá (8:00 a 15:00) e outra de tarde (14:30 a 21:00)

Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

- O material que se vai a utilizar para as tarefas de limpeza e desinfección será o que proporciona o Concello.
- Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

ANEXO VI: PROTOCOLO DE ACCESO Á BIBLIOTECA:

- 1.- En relación co número de alumnos simultáneos na mesma franxa horaria , contémpanse un máximo do 50%, podendo adaptarse en función da superficie dispoñible e do número total de alumnado do centro, sempre que se cumplan as condicións de seguridade e a distancia entre o alumnado.
- 2.- O equipo de biblioteca sinalizará as mesas e outros postos de traballo que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.
- 3.-O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.
- 4.- O usuario debe desinfectar o espazo utilizado ao rematar a sesión.
- 5.- A biblioteca contará dispensadores de solución hidroalcohólica ou xabón antiséptico a disposición dos usuarios.
- 6.- O equipo de traballo da mesa de xestión deberá ser usado preferiblemente polos integrantes do equipo de biblioteca , e desinfectarse antes e despois de ser empregado.
- 7.- O préstamo de libros ou outro material, realizarase de xeito habitual, aínda que os materiais devoltos deberán permanecer separados en caixas identificativas e illadas, a efectos de prevención, un prazo de 4 horas como mínimo.
- 8.- Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando impliquen un uso compartido mentres dure a situación excepcional.
- 9.- Na formación de usuarios incluíranse rutinas relacionadas con as mencionadas medidas: hixienización dos postos ocupados ao remate da sesión, mantemento da distancia de seguridade...
- 10.- A biblioteca incluírá fórmulas para que as familias participen nas actividades e nas propostas que se levarán a cabo no centro.



**PROTOCOLO DE MEDIDAS PARA LA PREVENCIÓN
DEL COVID-19 EN COMEDORES ESCOLARES PARA
EL CURSO 2021-2022**

FIRMADO RESPONSABLE ASIGNADO COVID-19:

NOMBRE Y APELLIDOS:

Contenido:

- 1.- Objetivo
- 2.- Generalidades
- 3.- Medidas a adoptar durante el servicio de comedor
- 4.- Medidas a adoptar en tiempo libre
- 5.- Entrega de los comensales a las familias o profesores
- 6.- Gestión de casos
- 7.- Formación del personal
- 8.- Documentos de referencia

1. Objetivo

Como ya es sabido por todos, la pandemia **COVID-19**, ha supuesto la necesidad de implantación de medidas de prevención y protección en todas las áreas de la sociedad y en especial en la que nos ocupa que es la de la educación y, en consecuencia una reorganización de todas las actividades para poder desarrollarlas de una manera segura.

Por todo ello el objetivo de este protocolo es evitar que el normal desarrollo de la actividad de servicio de comidas en comedores escolares suponga un riesgo añadido al contagio, difusión y dispersión del virus **COVID-19** a todas las personas que participan en este servicio.

Para ello, GRUPO GALEGO CATERIING ARELAS de cara al nuevo curso 2021-2022 que en breve daremos comienzo, hemos tomado en consideración todas las recomendaciones de las autoridades sanitarias y educativas, así como otras específicas del sector. Dichas recomendaciones se engloban en 4 medidas básicas:

- Distanciamiento social
- Responsabilidad social
- Limpieza, desinfección y ventilación de instalaciones y medios
- Gestión óptima de casos

Todas estas medidas se actualizarán cuando sea necesario según la situación epidemiológica del momento.

Estamos convencidos de que con la ayuda de todos (anpas, administraciones públicas, profesores, niños, catering...) conseguiremos un entorno escolar seguro.


2. Generalidades

Con respecto a la primera medida comentada en el apartado anterior, el distanciamiento social, aparece una nueva figura en la organización que son los denominados **grupos estables de convivencia** que podrían interactuar sin necesidad de mantener la distancia interpersonal de 1,5 metros, pero siempre evitando el contacto con otros grupos. Este sería un punto de partida

a la hora de organizar los grupos de comensales, espacios para comer y zonas para el tiempo libre.

Este protocolo responde a un marco común que podrá ser adaptado según las peculiaridades de cada centro.

DIAGRAMA DE FLUJO DE COMEDOR



3. Medidas a adoptar durante el servicio de comedor

A continuación detallamos todas las medidas o recomendaciones a tomar desde el inicio del servicio con la recogida o acogimiento de los comensales hasta la salida al patio o a la realización de cualquier actividad.

3.1 Acceso del personal (monitores y personal de apoyo):

Todo el personal, diariamente y antes de acudir a su puesto de trabajo, deberá realizar una toma de temperatura y registrarlo en el documento correspondiente (Anexo 1) archivado en el comedor y siempre a disposición de las autoridades sanitarias o de la empresa. SIEMPRE que presente alguna sintomatología propia del **COVID-19** no deberá acudir a su puesto de trabajo e informar a la empresa y a las autoridades sanitarias.

Es recomendable que en la medida de lo posible el personal entre de manera escalonada para evitar aglomeraciones.

Una vez en el comedor, se realizará un lavado de manos eficaz (entre 40 y 60 segundos de duración) que se repetirá siempre que sea necesario a lo

largo de todo el servicio, pudiendo reforzarse con el uso de gel hidroalcohólico.

El personal se vestirá el uniforme, que deberá traer limpio de manera diaria, y dejar los objetos personales en el lugar asignado para ello.

Es muy importante destacar el **USO OBLIGATORIO DE MASCARILLA DURANTE TODO EL SERVICIO**

4

3.2 Recogida de comensales

En este proceso es importante que los niños no acudan sólo al comedor para garantizar que el desplazamiento se realiza de forma segura sin contacto con otros grupos o respetando la distancia de seguridad de 1,5 metros. Por lo tanto, deberá haber un acuerdo previo entre el centro y GRUPO GALEGO CATERING ARELAS para saber si este acompañamiento será realizado por los monitores o por los profesores. Además sería recomendable que lo hicieran de manera escalonada para evitar aglomeraciones.

3.3 Higiene de manos de comensales

Es muy importante inculcar a los niños la importancia de un buen lavado de manos. Para ello, se dotará de cartelería al lugar asignado a tal fin, para que de una manera gráfica los comensales hagan dicho lavado de una manera eficaz (40-60 segundos de duración), siempre intentando evitar aglomeraciones viendo la posibilidad de disponer de los máximos lavabos posibles, así como señalizando la zona de espera.

3.4 Acceso al comedor

Para acceder al comedor consideramos conveniente **escalonar los horarios** de entrada de tal manera que cada grupo estable de convivencia no coincida con otros grupos.

Los comensales deberán acceder con la mascarilla correctamente colocada, se sentarán en el lugar asignado y esperará a que le sirvan el primer plato. En ese momento, retirarán la mascarilla y la guardarán en un estuche o carpeta para tal fin (nunca se dejará la mascarilla sobre la mesa o silla).

3.5 Servicio en la mesa

Al inicio del servicio y antes de que los comensales se sienten, los servicios ya deberán estar montados (mantel individual, cubertería, servilleta, pan y vaso de agua), los menús serán emplatados en cocina por los monitores y el servicio debe de ser lo más dinámico posible para evitar demoras entre platos. En caso contrario, los comensales deberían colocarse nuevamente la mascarilla hasta que le sirvieran el siguiente plato.

OJO!! LOS MONITORES O PERSONAL DE APOYO SERÁN LOS ÚNICOS QUE PODRÁN MANIPULAR LA COMIDA, ASÍ COMO LOS ÚTILES O MENAJE NECESARIOS PARA EL INICIO DEL SERVICIO.

5

Sería conveniente aumentar el número de turnos para reducir el aforo del comedor, así como utilizar espacios colindantes (siempre cumpliendo con la distancia de 1,5 metros) o mamparas de como mínimos 0,60 metros de altura colocadas sobre el mesado, sin tener que respetar así la distancia de seguridad.

En la medida de lo posible, los comensales deberán sentarse en el comedor agrupados por aula y siempre en el mismo sitio (colocación de pegatina en la silla con el nombre completo y aula), preferentemente en zigzag manteniéndose de esta manera la continuidad del grupo de pertenencia además de facilitar el rastreo en caso de contagio.

Durante la duración del servicio, es importante que los comensales no se levanten de su sitio en ningún momento levantando la mano siempre que necesiten consultar o pedir algo.

3.6 Limpieza y desinfección del comedor antes del servicio y entre turnos

Es necesario realizar una limpieza y desinfección de las mesas y sillas del comedor antes del servicio así como entre turnos en el caso de que los haya. Estas tareas serán ejecutadas por personal cualificado contratado para tal fin por el propio centro, o por los monitores en el caso de que se haya pactado con la empresa.

Siempre que el clima lo permita se deberá ventilar el comedor durante el servicio.

3.7 Retirada de restos y utensilios

En los comedores dónde sean los comensales los que recogen su servicio y desechan los restos de comida deberán hacerlo de manera ordenada y siempre contando con el permiso del monitor responsable, volviendo a su sitio hasta que el monitor le indique que es la hora de salida, controlando siempre que en el lugar destinado a la retirada no coincidan con otros grupos o mantienen la distancia.

Cuando sean los monitores los encargados de realizar este trabajo, los comensales permanecerán igualmente sentados hasta que sea la hora de salir.

El comedor debe de estar dotado de cubos de basura con tapa y de accionamiento no manual.

4. Medidas a adoptar en tiempo libre

Se recomienda en la medida de lo posible que el tiempo libre pueda desarrollarse al aire libre, delimitando zonas del patio por aula o grupo estable de convivencia, siempre supervisados por un monitor. En el caso de que el clima no lo permita y tengan que quedarse en el comedor, no está permitido que los comensales compartan juguetes, libros, pinturas, etc.

Consideramos conveniente para evitar contagios que cada niño traiga de su casa diariamente una bolsa con sus pertenencias (debidamente etiquetadas con el nombre).

5. Entrega de los comensales a las familias o profesores

Con el fin de evitar aglomeraciones, es importante que la entrega de los comensales a las familias o profesores se haga de manera escalonada o en distintas zonas, señalizando mediante cartelería las zonas de entrega.

6. Gestión de casos

En cada centro se aconseja disponer de un espacio aislado donde llevar a un usuario que presente algún síntoma compatible con el **COVID-19** y los monitores deben ser conocedores de dicho espacio. En ese caso se informará primero al responsable del centro, y este a su vez deberá informar a las familias y a las autoridades sanitarias.

Tanto el comensal como todas las personas que lo acompañan deben de ponerse la mascarilla en todo momento

7. Formación del personal

Todo el personal de comedor recibirá formación continuada y actualizada en dicha materia.

En el caso de que el centro disponga de medidas especiales, éstas se facilitarán a GRUPO GALEGO CATERING ARELAS, con el fin de ser revisadas y difundidas con el resto del personal.

8. Documentos de referencia

OMS: COVID-19 y seguridad alimentaria: Guía para empresas de alimentación

MINISTERIO DE SANIDAD: Productos virucidas autorizados en España

MINISTERIO DE SANIDAD: Medidas para la prevención de contagios del COVID-19

XUNTA DE GALICIA: Actualización de las recomendaciones sanitarias del comité clínico al Protocolo del 22 de Julio de adaptación al contexto del COVID-19 en los centros de enseñanza no universitarios de Galicia para el curso 2021/2022

PROTOCOLO COVID ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2021/2022

El siguiente Protocolo de Actuación está basado en las normas y recomendaciones extraídas de los siguientes documentos oficiales:

- Protocolo de adaptación al contexto de la Covid-19 en los centros de enseñanza no universitaria de Galicia para el curso 2021-2022 - versión 06/07/21
- Plan de transición hacia la nueva normalidad. Fase 3. Del Ministro de Sanidad del Gobierno de España. Del 31 de mayo de 2020. Con sus respectivas modificaciones.
- FAQs Deporte Fase 3. Del Ministro de Cultura y Deporte del Gobierno de España. Con sus respectivas modificaciones.

El fin de dicho documento será establecer medidas de organización y prevención que complementen a las medidas de los distintos organismos oficiales, con el fin de preservar la salud y dar la máxima seguridad a nuestros alumnos. Estas medidas se irán adaptando a las necesidades de cada momento en función de la evolución de la pandemia, y las instrucciones recibidas por los organismos oficiales.

1. ANTES DE LA ACTIVIDAD

Hay una serie de normas y recomendaciones que debemos cumplir antes de ir a la actividad:

- **Asegurarnos de que nos encontramos bien.** Para evitar contagios, no debemos acudir a la extraescolar con los siguientes síntomas: diarrea, fiebre, tos seca, cansancio, dolor de cabeza o garganta, dificultar para respirar.
- **Se les dará gel desinfectante a la entrada de cada actividad.**
- **Los alumnos entrarán a la instalación de uno en uno.** No pudiendo entrar en ningún caso las familias. Los monitores estarán en la puerta designada antes de la hora de comienzo.

2. DURANTE LA ACTIVIDAD

Hay una serie de normas y recomendaciones que debemos cumplir durante toda la actividad:

- **Uso obligatorio de mascarilla** durante toda la clase.
- El monitor tendrá **el registro diario de los alumnos** que asisten a la actividad.
- **Cada actividad que se imparte tiene asignada una sala.**
- **Se mantendrá distancia de +2 metros** entre alumnos.
- **El material será de uso individual, y se desinfectará después de cada actividad.**
- **Las actividades se impartirán en un grupo máximo de 12 alumnos**
- **La ventilación de las aulas se realizará manteniendo abiertas las ventanas, antes , después y un mínimo de 5 minutos por cada hora de clase.**
- **En caso de haber un alumno con síntomas durante la actividad el monitor debe avisar al docente de guardia que se encuentra en el centro para el aislamiento del alumno en la sala que está habilitada para tal fin. A continuación, se avisará a las familias aplicando el protocolo general que tiene el centro.**

3. AL TERMINAR LA ACTIVIDAD

Hay una serie de normas y recomendaciones que debemos cumplir al terminar la actividad:

- **Se les dará gel desinfectante a la salida de cada actividad.**
- **Los alumnos saldrán de la instalación de uno en uno.** No pudiendo entrar en ningún caso las familias.

4. EN CASO DE POSITIVO

Si algún alumno da positivo, se confinará al **grupo de alumnos que acuden a la actividad.** A pesar de que ese grupo mantiene distancia de +2 metros y lleva mascarilla.



PROTOCOLO COVID COMPETICIÓN CLUB LOURO TAMEIGA

Las niñas y niños deben venir cambiados de casa a excepción de la camiseta y el calzado deportivo que se lo podrán poner en las instalaciones.

A la entrada, se procederá a la desinfección de manos (gel desinfectante) y toma de temperatura. Posteriormente se realizará la desinfección del calzado deportivo que deberán traer en la mano. **PROHIBIDO TRAER EL CALZADO PUESTO.**

Se deberá utilizar la mascarilla en todo momento con la nariz y boca siempre tapadas.

Se van a poder utilizar los vestuarios únicamente para dejar las pertenencias y mochilas, permaneciendo en los vestuarios el mínimo tiempo posible. Prohibido ducharse.

El alumnado asistente deberá traer una botella de agua para uso individual, está prohibido compartir botellas.

Rogamos se cumplan todas las medidas y normas para el mejor desarrollo de la actividad. Gracias de antemano de todo el equipo directivo del Club Louro Tameiga.



**REAL FEDERACIÓN
GALEGA DE FÚTBOL**

**PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO
REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL**
*“Medidas relativas á protección e prevención
da saúde fronte ao Covid-19 na volta á
actividade deportiva”*

ACTUALIZACIÓN 14/12/2020

**FÚTBOL (BIBERÓN-PREBENXAMÍN-BENXAMÍN-ALEVÍN-INFANTIL-
CADETE-XUVENIL 1ª E 2ª AUTONÓMICA)**

FÚTBOL SALA (TODAS AS CATEGORÍAS)

Todos unidos polo fútbol galego

www.futgal.es



Contido

1. ANTECEDENTES	3
2. ACTUALIZACIÓN	4
3. INTRODUCCIÓN.....	5
4. OBXECTO E METODOLOXÍA	7
5. MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19	8
5.1. MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL	8
5.2. MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Staff, deportistas, acompañantes, público, etc.)	9
5.3. OUTRAS MEDIDAS	11
6. PROCEDEMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN.....	13
7. COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19.....	18
8. DECLARACIÓN RESPONSABLE	19
9. COORDINADOR DA ENTIDADE DEPORTIVA	19
10. PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS (CLUBS, FEDERACIÓN E SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE).	20
11. AVALIACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 PARA EVENTOS E ACTIVIDADES MULTITUDINARIAS NO CONTEXTO DE NOVA NORMALIDADE POR COVID-19 NOS PROTOCOLOS FISCOVID-DXTGALEGO ESPECÍFICOS DAS COMPETICIÓNS.	21
ANEXO 1	22
ANEXO 2	28
ADESTRAMENTOS	28
ANEXO 3	39
PARTIDOS	39

1. ANTECEDENTES

A resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade (DOG de 12 de xuño), establece distintas limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas en diversos sectores, tamén no ámbito deportivo.

Entre estas, e para o ámbito da práctica deportiva federada, establécese –punto 3.21, apartado 2, do acordo- que “para a realización de adestramentos e a celebración de competicións, as federacións deportivas galegas deberán dispor dun protocolo, que será aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística”. Así mesmo, sinala tamén que “o dito protocolo será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e deberá publicarse na páxina web da federación deportiva”.

Por outra banda, na resolución do 15 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral para o Deporte, na que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia, establécese que “cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonte o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas”.

Polo tanto, en base ao citado anteriormente, a Real Federación Galega de Fútbol redacta o presente protocolo e eleva o seu contido á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa correspondente aprobación.

2. ACTUALIZACIÓN

A Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, remitiuse en canto ao uso da máscara para a realización de adestramentos e a celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica ao **que especificamente regulase o protocolo das federacións deportivas respectivas.**

Estas medidas preventivas en canto á realización de adestramentos e a celebración de competicións oficiais especifícanse en maior grao coa publicación da Orde do 17 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, norma que establece que, **en todo caso**, o protocolo federativo deberá prever “cando a actividade deportiva supoña contacto físico entre as persoas que a practican **deberá utilizarse a máscara, salvo que no protocolo respectivo inclúanse medidas alternativas de protección específicas.**”

A modalidade do fútbol, así como as súas distintas especialidades, implica o contacto físico entre os deportistas, e por conseguinte a súa práctica, atendendo á normativa vixente, deberá realizarse con máscara ou medida alternativa de protección. **Polo tanto, establécese a máscara como medida de protección ante a COVID19 para todos aqueles axentes que interactúen nos equipos das categorías biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil (1ª e 2ª autonómica) da especialidade de FÚTBOL así como para todas as categorías de FÚTBOL SALA tanto en adestramentos como partidos.**

3. INTRODUCCIÓN

O deporte como fenómeno social é un sistema complexo, formado por elementos que interaccionan de xeito pluridireccional, de forma que o comportamento de cada un deles recibe influencia dalgún dos outros. “Conduta” e “información” son as claves do bo e eficiente funcionamento dun sistema e un tecido deportivo como o de Galicia. O Deporte Galego ademais está integrado na súa realidade social total, e por elo está influenciado e inflúe de maneira implícita ou explícita nos actuais procesos de cambios necesarios e moi acelerados fronte á pandemia da COVID-19 e os seus efectos. Deste modo a adecuación aos necesarios cambios abórdase desde a necesidade de incidir nas condutas de todos os axentes humanos que participan no Deporte Galego directa ou indirectamente, a partir da lóxica organizativa e funcional, indagando en primeiro lugar sobre todas as potenciais fontes de contaxio, vistas desde todas as perspectivas, e así recoller e dar información precisa, de calidade e válida, para poder aumentar o éxito das decisións do tecido deportivo contra a COVID-19.

O obxectivo primordial é limitar ao máximo posible a capacidade de transmisión do coronavirus desde o primeiro desprazamento cara a instalación, espazo de práctica ou centro deportivo, durante o feito deportivo, e despois do mesmo. A través das condutas idóneas das persoas implicadas no feito deportivo, estas, probablemente poidan ser influíntes nas condutas positivas doutros moitos cidadáns de Galicia, en entornos familiares, locais, profesionais, escolares, etc.

O Deporte Galego leva preparándose no seu conxunto varios meses para respostar como sistema intelixente, informado pluridireccionalmente, próximo ás realidades da actividade da inmensa maioría de deportistas. O modo de coñecer este novo contexto para abordar as mellores solucións requiriu dunha Metodoloxía innovadora no seu proceder á vez que prudente na súa fundamentación, relacionando á administración deportiva autonómica, ás federacións deportivas e ás universidades galegas (transferencia do coñecemento).

Está sendo un proceso intenso e rico, que está proporcionando a todos os elementos estruturais e funcionais a oportunidade de aprender facendo, de concienciarse dos riscos sanitarios, pero tamén dos riscos de diminución da práctica deportiva por parte de persoas e de entidades ante as dificultades para retomar unhas das actividades, as deportivas, máis penalizadas na súa idiosincrasia polo confinamento e a desescalada.

A COVID-19: SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO.

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansancio. Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser dor de garganta, pérdida do gusto ou olfato e dores musculares, entre outros.

Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus.

A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas da nariz ou a boca dunha persoa infectada ao toser, estornudar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por eso é importante manterse alomenos a 1,5 metros de distancia dos demais e usar máscara incluso mantendo esa distancia interpersoal de seguridade.

Cabe salientar tamén, que estas gotículas infectadas polo coronavirus poden manterse estables durante varias horas en pequenas partículas flotantes, coñecidas como aerosoles. Daí a importancia de levar a cabo unha correcta e continua ventilación dos espazos pechados. Por outra banda, é importante sinalar que estas partículas poden caer sobre os obxectos e superficies, como mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. de modo que outras persoas poden infectarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo tócanse os ollos, o nariz ou a boca. Por elo é importante lavarse as mans frecuentemente con auga e xabón ou con un desinfectante a base de alcól, evitar tocarse os ollos, a boca ou o nariz.

4. OBXECTO E METODOLOXÍA

O obxecto deste protocolo é levar a cabo unha identificación das situacións potenciais de risco de contaxio na práctica deportiva do fútbol, fútbol sala, fútbol praia e fútbol gaélico (adestramentos e partidos), atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e en base a iso establecer as medidas de prevención e tratamento de risco para cada unha desas situación, seguindo a metodoloxía FÍSICOCOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte no establecemento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado en Galicia. Este protocolo será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e será publicado na páxina web da RFGF (www.futgal.es).

A Metodoloxía FISICOCOVID-DXTGALEGO pretende establecer un sistema de traballo que lle facilite ao tecido deportivo galego, particularmente o federativo, a elaboración dos protocolos FISICOCOVID-DXTGALEGO, que deben considerar os elementos constituíntes do tecido deportivo, tales como as actividades, deportistas, entidades, e recursos (humanos, materiais), para construír as maiores opcións de seguridade hixiénico-sanitaria e de sostibilidade de entidades e practicantes ante a COVID-19. A RFGF e os seus integrantes naturais, despois de avaliar e diagnosticar a información veraz da súa realidade, promoven o seguimento das medidas e adaptacións acordadas para o desenvolvemento das actividades deportivas coa maior protección posible ante o risco de contaxio.

5. MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Todos os axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva do fútbol, fútbol sala e fútbol gaélico en Galicia deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade deportiva.

Tralo proceso de recollida de información e análise das potenciais situacións de contaxio e en atención ao sinalado polas autoridades sanitarias, establécense unha serie de recomendacións xerais, que están concretadas no Anexo I deste protocolo.

5.1. MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL

Con carácter xeral, sen prexuízo das medidas específicas establecidas no protocolo da instalación correspondente, respecto á limpeza e desinfección de espazos, materiais e superficies deberanse ter en conta as seguintes:

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mezclar produtos diferentes.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa do staff, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes postos.

- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.
- Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie alomenos unha vez ao día.

5.2. MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Staff, deportistas, acompañantes, público, etc.)

- **Xerais:**
 - Cumprir todas as medidas de prevención que estableza a Entidade deportiva no seu protocolo.
 - Deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal e utilizar máscara, salvo no caso dos deportistas coas excepcións establecidas neste protocolo únicamente no momento do adestramento/competición. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira e transmita o coronavirus.

- Sempre que sexa posible, os deportistas, durante a práctica deportiva deberán manter a distancia de seguridade interpersoal. A estes efectos, o protocolo federativo deberá establecer as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística.
 - Evitar lugares concurridos.
 - Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
 - Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
 - Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Eso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao toser ou estornudar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
 - Lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcohólico. **Hai que prestar especial atención a un posible uso inadecuado do xel hidroalcohólico por parte dos menores para evitar accidentes, o que pode suceder por exemplo, cando despois de botalo nas mans as levan á cara, ollos, nariz ou boca.**
 - Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
 - Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Teño febre, tos ou falta de alento?
- **Desprazamentos aos adestramentos e ás competicións:**
 - Non compartir vehículo particular con outras persoas non conviventes, sempre que sexa posible. De non ser así, priorizar formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersoal e, en todo caso, utilizar máscara. Ademais é importante un asiduo lavado de mans ou emprego de xel hidroalcohólico antes de entrar e despois de saír do vehículo.
- **Alimentos, bebidas ou similares:**
 - Non se deben compartir alimentos bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións.

5.3. OUTRAS MEDIDAS

- **MEDIDAS ORGANIZATIVAS.**

- A entidade responsable da actividade deberá garantir que os deportistas dispoñan do material de prevención, xa sexa porque o pon a disposición o titular da instalación, a entidade organizadora da actividade ou porque o traen os deportistas, staff, etc.
- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase consonte o establecido no punto anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes.
- Promoverase o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, así como a limpeza e desinfección dos equipamentos precisos para iso.

- **MEDIDAS DE INFORMACIÓN**

- A Entidade organizadora da actividade informará a todos os axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva.
- Facilitaralle ao Staff, deportistas e outros axentes alleos á práctica deportiva, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante cartelería en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.



- Cando as instalacións onde se desenvolva a práctica deportiva dispoña de ascensor ou montacargas, promoverase a utilización das escaleiras.

- **MEDIDAS DE FORMACIÓN**

- Deberase promover a formación, especialmente entre o staff para :
 - Adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersoal, emprego de máscara, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo, de ser así a especificidade da súa práctica deportiva.
 - Formación sobre as medidas hixénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcolico, a colocación correcta da máscara, etc. co obxectivo de implementar estas medidas do contexto da práctica deportiva e tamén para trasladarllas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixiénico-sanitarios.
 - **Recoméndase que antes das primeiras sesións de adestramento, o staff realicen algún simulacro para axustar as medidas propostas neste protocolo á súa realidade e espazos concretos.**

6. PROCEDIMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN

Para a identificación das diferentes situacións potenciais de contaxio, debemos partir dos mecanismos de transmisión do virus reportados polas autoridades sanitarias, establecéndose para esta ferramenta un sistema de categorías interrelacionadas entre sí, para que o tecido deportivo determine unha a unha as posibles situacións concretas de potencial contaxio que se poideran dar en cada modalidade e especialidade deportiva:

- Atende a tres **momentos**: antes, durante, e despois da práctica.
- Considera aos **axentes** cos que pode haber contaxio: Staff propio, Deportistas, outros alleos.
- Identifica a **vía de contaxio**: Contacto, vía Aérea, compartir alimentos ou bebidas.



Nas táboas seguintes, explícase o significado de cada unha das categorías.

<u>IDENTIFICAR O MOMENTO</u>	Refírese ao lapso temporal que agrupa unha serie de accións propias da práctica ou da competición.
<i>ANTES DO ADESTRAMENTO/COMPETICIÓN</i>	Recóllense tódalas accións desde que a persoa sae da súa casa, ata o intre antes de comezar a práctica deportiva.
<i>DURANTE O ADESTRAMENTO/COMPETICIÓN</i>	Recóllense tódalas accións desde o inicio do adestramento/competición ata o final do/a mesmo/a.
<i>DEPOIS DO ADESTRAMENTO/COMPETICIÓN</i>	Recóllense tódalas accións desde o peche do adestramento/competición ata que se abandona o lugar onde se desenvolve a práctica.

<u>IDENTIFICAR O AXENTE</u>	Persoas relacionadas coas situacións de potenciais contaxio. Neste caso clasifícanse en persoas da organización non deportistas, os propios deportistas, e as persoas alleas á entidade
<i>STAFF PROPIO</i>	Son as persoas que forman parte do organigrama da entidade organizadora da actividade ou da entidade/deportista participante nas actividades (persoal e colaboradores de federacións, clubs, equipos, tales como directivos, adestradores, preparadores físicos, xuíces/árbitros, asistentes, delegados, etc..) así como persoal do espazo onde se desenvolve a práctica e que pode ter que ver coas situacións que identifiquemos (conserxes, oficinistas, persoal de limpeza, etc..).
<i>DEPORTISTAS</i>	Son os axentes protagonistas do fenómeno deportivo. As persoas que practican, individualmente ou en grupo, calquera tipo de actividade deportiva.
<i>OUTROS ALLEOS</i>	Son as persoas de fóra da organización (público, familiares, visitantes externos, provedores, etc.)



<u>IDENTIFICAR SITUACIONES DE CONTAXIO POR CONTACTO</u>	Esta categoría pretende identificar situaciones nas que se pode dar un contacto con outras persoas, con materiais ou con superficies.
<i>PERSOA A PERSOA (DIRECTO)</i>	Ten lugar contacto directo con outras persoas. (Ter en conta a análise que se está realizando: staff, deportistas, outros)
<i>MATERIAL DEPORTIVO DE USO SIMULTÁNEO</i>	Contacto directo con equipacións/equipamento individual, accesorios, obxectos, embarcacións, etc. que se levantan e/ou empregan de modo simultáneo (exemplo: cargar piragüas, colchonetas, lonas, etc.) con outra/outras persoas. (Ter en conta sobre que axente se está realizando a análise: staff, deportistas, outros)
<i>MATERIAL DEPORTIVO DE USO SECUENCIAL</i>	Contacto directo con equipacións/equipamento individual, accesorios, obxectos, embarcacións, etc. co que logo terá contacto outra/outras persoas. (Ter en conta sobre que axente se está realizando a análise: staff, deportistas, outros)
<i>MATERIAL DEPORTIVO DE USO ALTERNO</i>	Contacto directo con equipacións/equipamento individual, accesorios, obxectos, embarcacións, etc.. de maneira alterna e repetida con outra/outras persoas. (Ter en conta sobre que axente se está realizando a análise: staff, deportistas, outros)
<i>SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO</i>	Contacto directo cunha superficie de forma simultánea con outra/outras persoas. (Ter en conta sobre que axente se está realizando a análise: staff, deportistas, outros)
<i>SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL</i>	Contacto directo cunha superficie despois de que o tivera con outra/outras persoas. (Ter en conta sobre que axente se está realizando a análise: staff, deportistas, outros).
<i>SUPERFICIE DE USO ALTERNO</i>	Contacto directo cunha superficie de maneira alterna e repetida con outra/outras persoas. (Ter en conta sobre que axente se está realizando a análise: staff, deportistas, outros).



<u>IDENTIFICAR SITUACIÓNS DE CONTAXIO POR VÍA AÉREA</u>	Esta categoría pretende identificar situacións nas que se pode dar contacto con persoas que transitan ou permanecen nun espazo e nun tempo determinado.
<i>ESPAZO DE USO SIMULTÁNEO</i>	Varias persoas ocupan o mesmo espazo, no mesmo momento, cunha distancia menor á recomendada. Por exemplo nos deportes de combate (Ter en conta sobre que axente se está realizando a análise: staff, deportistas, outros)
<i>ESPAZO DE USO SECUENCIAL</i>	Ocúpase un espazo de maneira secuencial despois de que outra persoa o ocupara con anterioridade. Por exemplo os accesos de instalacións e zonas de paso, postas de tiro, etc. (Ter en conta sobre que axente se está realizando a análise: staff, deportistas, outros)
<i>ESPAZOS DE USO ALTERNO</i>	Ocúpase un espazo de maneira alterna e repetida entre varias persoas. Por exemplo os terreos de xogo dos deportes colectivos (Ter en conta sobre que axente se está realizando a análise: staff, deportistas, outros)

<u>IDENTIFICAR SITUACIÓNS DE CONTAXIO por USO COMPARTIDO de ALIMENTOS E BEBIDAS</u>	Esta categoría pretende identificar situacións nas que se pode dar contacto con persoas que transitan ou permanecen nun espazo e nun tempo determinado.
<i>USO DE BOTELLAS E VASOS</i>	Consumen, comparten, administran, teñen contacto dalgún xeito con recipientes de alimentos e bebidas que consumira outra/outra persoas. (Ter en conta sobre que axente se está realizando a análise: staff, deportistas, outros).
<i>COMIDA E VÍVERES</i>	Consumen, comparten, administran, teñen contacto dalgún xeito con alimentos e víveres que consumira outra/outra persoas. (Ter en conta sobre que axente se estea realizando a análise: staff, deportistas, outros).

Seguindo a metodoloxía FISICOVID-DXTGALEGO, a RFGF identificou as potenciais situacións de contaxio en cada unha das especialidades deportivas da súa modalidade deportiva, establecendo medidas concretas para cada unha desas situacións de risco.

Estas situacións e as correspondentes medidas de aplicación a cada unha delas están recollidas no Anexo I no presente documento.

7. COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

No caso de que un membro do staff, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://coronavirus.sergas.es>). Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros. **Debe insistirse na importancia dunha autoavaliación diaria de posible sintomatoloxía por parte dos dirixentes, técnicos, axudantes, deportistas, acompañantes, público e voluntarios, antes de acudir a cada sesión de práctica deportiva.**

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirárase do grupo e conducírase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguirán as súas instrucións. Se se percibira gravidade chamarase ao 061. Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine.

En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

8. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Para a participación nas actividades deportivas organizadas pola RFGF será obrigatorio ter cuberto e firmado un documento de ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE.

Este documento poderase descargar no momento da tramitación da licenza federativa, e será de aplicación a todos os estamentos: xogadores/as, corpos técnicos e árbitros/as.

9. COORDINADOR DA ENTIDADE DEPORTIVA

Cada equipo de cada club designará un coordinador da implementación, cumprimento e seguimento do protocolo federativo, que será o único interlocutor en canto a este protocolo se refire coa Real Federación Galega de Fútbol, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento (unha mesma persoa poderá ser coordinador de varios equipos dentro do mesmo club).

Co obxecto de manter unha comunicación fluída entre a Real Federación Galega de Fútbol, a Secretaría Xeral para o Deporte e as entidades deportivas que conforman a federación, é necesario que cada equipo de cada club conte cun/cunha COORDINADOR/A FISICOVID-DXTAGALEGO e llo comunique á Federación. Preténdese definir interlocutores entre os estamentos federativos e a administración deportiva e sanitaria, para poder ter unha comunicación fluída entre todos os interlocutores na loita contra a COVID19 e tamén para colaborar no desenvolvemento de actividades deportivas seguras.

As funcións dese coordinador serían: implementación na súa entidade do protocolo FISICOVID-DXTAGALEGO da Federación, e ser o interlocutor coa federación deportiva

correspondente para a comunicación das incidencias que poidan xurdir no entorno do equipo respecto a presenza de sintomatoloxía COVID19 e incluso de casos positivos.

O procedemento a seguir estará reflectido na circular **Normas extraordinarias motivadas pola Covid-19.*

10. PROCEDIMIENTO DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS (CLUBS, FEDERACIÓN E SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE).

Establécese o seguinte procedemento de comunicación das incidencias entre a entidade deportiva (Club, SAD...), a Real Federación Galega de Fútbol e a Secretaría Xeral para o Deporte, co obxectivo de poder apoiar á entidade organizadora da actividade na toma de decisións e de facilitar que flúa a información entre os axentes implicados (clubs, federación e autoridades deportivas e sanitarias):

1. No caso de que nun adestramento/competición se identifique que unha ou varias persoas teña sintomatoloxía COVID19, aplicarase o procedemento establecido no apartado COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19 deste protocolo e a continuación, o COORDINADOR FISICOVID-DXTGALEGO designado pola entidade deberá contactar co seu interlocutor FISICOVID-DXTGALEGO da Federación para informar telefónicamente ou por email sobre a situación.
2. A Federación deberá así mesmo informar á Secretaría Xeral para o Deporte sobre o acontecido (proceso de comunicación co SERGAS, probas realizadas, resultados, decisións do organizador do adestramento/competición sobre o desenvolvemento da actividade a partir do caso de sintomatoloxía COVID-19 (suspensión, continuidade da actividade, etc.).

3. No caso de que o club sexa coñecedor de que existe un ou varios positivos entre axentes implicados na realidade deportiva da entidade, tamén se debe informar á Federación e á Secretaría Xeral para o Deporte, seguindo o procedemento sinalado nos dous parágrafos anteriores.

O procedemento a seguir estará reflectido na circular **Normas extraordinarias motivadas pola Covid-19.*

11. AVALIACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 PARA EVENTOS E ACTIVIDADES MULTITUDINARIAS NO CONTEXTO DE NOVA NORMALIDADE POR COVID-19 NOS PROTOCOLOS FISICOVID-DXTGALEGO ESPECÍFICOS DAS COMPETICIÓNS.

O protocolo específico FISICOVID-DXTGALEGO dos eventos e actividades multitudinarias ás que lles sexa de aplicación este protocolo, deberán partir dunha avaliación do nivel de risco de contaxio, tomando como referencia o documento “Recomendacións para eventos y actividades multitudinarias en el contexto de nueva normalidad por covid-19 en España” elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

ANEXO 1

**Medidas xerais clave e
medidas específicas para o
uso da mascarilla**

MEDIDAS XERAIS CLAVE DE APLICACIÓN EN TODO MOMENTO

1

USO DA MÁSCARA POR PARTE DOS DEPORTISTAS

Establécese como medida particular de protección o **uso obrigatorio de máscara** durante a realización de adestramentos con contacto así como partidos, podendo realizarse sen máscara únicamente aqueles exercicios de adestramento ó aire libre que garantan a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes, **aínda que se recomenda o seu uso en todo momento**.

2

MEDIDAS BÁSICAS

USO DE MÁSCARA EN TODO MOMENTO EXCEPTO NAS SITUACIÓNS SINALADAS NA MEDIDA ANTERIOR E ÚNICAMENTE NO CASO DOS DEPORTISTAS. O RESTO DAS PERSOAS (STAFF, PÚBLICO, ACOMPAÑANTES, ETC.) NON A PODERÁN QUITAR EN NINGÚN CASO.

Toma de temperatura en cada adestramento/competición dos deportistas, staff técnico, auxiliares, etc. que interactúen no adestramento/competición.

Manter a distancia de seguridade de alomenos 1,5 metros, sempre que sexa posible.

Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcolico. Hai que prestar especial atención a un posible uso inadecuado do xel hidroalcolico por parte dos menores para evitar accidentes, o que pode suceder por exemplo, cando despois de botalo nas mans as levan á cara, ollos, nariz ou boca.

3

PARTIDOS AMIGABLES

No caso de organizar partidos amigables, estes deberán levarse a cabo entre equipos de zonas o máis próximas posibles para reducir a mobilidade

VESTIARIOS

Na medida do posible evitar o uso do vestiario e especialmente da ducha.

- 4**
- No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento/competición deberán chegar debidamente cambiados/as da casa.
 - No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións.
 - Organizaranse os turnos que sexan necesarios para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección.
 - Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas.
 - Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza.
 - Evitar falar, berrar, celebracións , etc... mentres esteamos no vestiario.

PÚBLICO

- 5**
- Permitirase o acceso de público á instalación sempre que así o permita a normativa en vigor en cada momento, e nas condicións que dita normativa estableza.

BAR/CANTINA

- 6**
- Permítese a súa apertura, sempre que se cumpran as medidas correspondentes establecidas na normativa sobre establecementos de restauración que nese momento estea vixente nese municipio.

ASEOS

- 7**
- Atender ao establecido pola normativa en vigor e polo titular da instalación.
Usar a máscara e manter a distancia de seguridade en todo momento.
- Respetar as quendas de uso para cumprir aforos e lavar as mans ou utilizar xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.

8 CONCIENCIACIÓN

Establecer medidas informativas de concienciación para deportistas, staff, etc. co obxecto de reducir o risco de contaxio na vida social (insistir en que se deben evitar aglomeracións, zonas con máis risco, incrementar medidas de protección en reunións familiares/sociais, etc...).

9 COMUNICACIÓN

Control exhaustivo da sintomatoloxía e posible transmisión a través do procedemento de comunicación do club/deportistas/staff/familias coas autoridades sanitarias, tal e como se especifica no punto 10 do presente protocolo.

MEDIDAS ESPECÍFICAS RESPECTO DO USO DA MÁSCARA

- 1. Reducir ó mínimo a manipulación da máscara** de xeito que non se retire baixo ningún concepto durante a práctica con contacto no adestramento/competición, excepto para repoñela ou corrixir axeitadamente a súa colocación. Poderán realizarse sen máscara aqueles exercicios de adestramento ó aire libre que garantan a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes, **recomendándose aínda así o seu uso en todo momento.**
2. En caso de que sexa necesario **manipular a máscara** deberase facer unha desinfección de mans con **xel hidroalcohólico.**
3. Todo participante na actividade deportiva (deportista/staff) deberá levar sempre unha ou varias **máscaras de reposto.** Será obrigatorio trocar de máscara unha vez finalizado o adestramento e antes de acceder a vestiarios, no caso de ser indispensable o uso de éstos.
4. Seguiranse de forma estrita as indicacións ditadas polo fabricante ó respecto do **lavado e conservación da máscara.**
5. Unha vez alcanzada a vida útil da máscara, **desbotarase axeitadamente.**
6. A entidade organizadora do adestramento/competición deberá contar sempre con **máscaras de reposto suficientes.**
7. Os adestradores incidirán na **correcta colocación** da máscara durante as tarefas.
8. Cada entidade organizadora do adestramento/competición debería desenvolver un proceso formativo práctico básico sobre o uso da máscara na práctica deportiva para o seu staff e deportistas.

INDICACIONES SOBRE A PRÁCTICA DEPORTIVA CON CONTACTO FÍSICO E CON MÁSCARA

1. Establecer **grupos de adestramento/competición** de composición estables e incrementando nas tarefas o número de membros de forma progresiva (parellas, grupos de parellas, etc.). Tamén será progresiva, controlada e rexistrada a interacción entre compoñentes dos diferentes grupos estables de inicio.
2. Na medida do posible, nos adestramentos **axustar a sesión** para reducir o tempo no que non se poida manter a distancia de seguridade e no que haxa contacto físico. Incrementar progresivamente este tempo de interacción directa, sen chegar a sobrepasar o umbral determinado segundo número de contactos, frecuencia dos mesmos, intensidade e pausas, para cada idade/categoría.
3. Realización diaria de **autotest** (temperatura, tos, cansancio) por parte dos deportistas, staff técnico, auxiliares, etc. antes de dirixirse cara o lugar da práctica, que interactúen no adestramento/competición.
4. **Toma de temperatura** en cada adestramento/competición dos deportistas, staff técnico, auxiliares, etc. que interactúen no adestramento/competición.
5. Regulación e control dos **tempos de aproximación e contacto**.
6. No caso da competición, valorar adaptacións que diminúan ao máximo a exposición ao risco en canto a proximidade, intensidade, tempo, duración acumulada, pausas, densidade de persoas nas accións, etc.
7. Na medida do posible, utilizar espazos ao aire libre e/ou coa mellor ventilación posible. Cando a actividade sexa en interiores e se desenvolva con máscara, de ser necesario, facilitaranse pausas de recuperación ao aire libre ou en zona axeitadamente ventilada, sen correntes de aire e mantendo, como mínimo, a distancia de seguridade de 1,5 metros.

ANEXO 2

ADESTRAMENTOS

**Potenciais situacións de
contaxio e medidas concretas
para cada unha das
situacións de risco**

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

ADESTRAMENTO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	STAFF FUTBOLISTAS DIRECTIVOS	-Vía aérea -Persoa a persoa	Xuntanzas entre staff, xogadores/as e pais ou directivos (pretempadas, roupa, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> – Organizar estas reunións de maneira telemática sempre que sexa posible. – No caso de que sexa necesario facelas de modo presencial, organízalas de modo que se produzan de maneira individual e sempre con cita previa. – Manter a distancia de seguridade e uso de máscara en todo momento. – Na medida do posible, facelas ao aire libre ou de ser no interior, ventilar a sala antes e despois da xuntanza. Respectar o aforo do espazo onde se celebre, segundo estableza a normativa e o protocolo da instalación.
	STAFF FUTBOLISTAS		Avaliación e diagnóstico individual previa ó adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Indicar ós membros do equipo que deben facerse obrigatoriamente unha autoavaliación previa a acudir o adestramento, consistente en descartar a presenza de síntomas asociados á COVID-19 tales como febre (máis de 37,5º), tose ou dificultade para respirar. No caso de ter algún destes síntomas, non se deberá acudir á actividade en ningún caso. – Obrigatorio realizar un control de temperatura por parte do titular da instalación ou por parte de persoal do club á chegada á instalación. – Prohibición de asistir á actividade no caso de estar diagnosticado como positivo de COVID-19 ata que dispoña da alta epidemiolóxica, no caso de estar pendente de resultados de probas diagnósticas do sistema sanitario ou de ser coñecedor de ter estado en contacto estreito nos últimos 10 días con algunha persoa positiva por COVID19.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Desprazamento á instalación.	<ul style="list-style-type: none"> – Uso da máscara. – Evitar compartir transporte con xente coa que non se convive. – Distanciamiento máximo no caso de compartir transporte con persoas coas que non conviven. – Evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. – Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.). – Ventilación do vehículo.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

ADESTRAMENTO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Adestramentos simultáneos e/ou consecutivos de diferentes equipos na mesma instalación.	<ul style="list-style-type: none"> – No caso de non utilizar os vestiarios, poderán celebrarse adestramentos de modo simultáneo/consecutivo, garantindo o tempo e o espazo suficiente para evitar aglomeracións nos accesos á instalación e ao propio terreo de xogo. – No caso de utilizar os vestiarios, haberá que agardar o tempo necesario entre a entrada e saída de equipos, para levar a cabo unha correcta ventilación e desinfección destes, garantindo ademáis o cumprimento do resto de medidas establecidas neste protocolo no tocante ao uso dos vestiarios..
	STAFF FUTBOLISTAS DIRECTIVOS OUTROS ALLEOS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Chegada á instalación.	<ul style="list-style-type: none"> – Uso da máscara obrigatoria durante TODA a estancia na instalación, a excepción dos/as futbolistas cando realicen tarefas que permitan garantir a distancia de seguridade interpersoal. Non obstante, a RFGF recomenda usar máscara en todo momento. – Establecer zonas diferentes de ENTRADA e SAÍDA da instalación. – Designar unha persoa que reciba en nome do club ós/ás futbolistas/staff na zona sinalada de Entrada á instalación. – Dispor de xel hidroalcolico para o uso continuado dos asistentes á actividade por parte da entidade deportiva ou titular da instalación. – Recomendar tamén a cada membro do club traer o seu propio xel. – Obrigatorio realizar control de temperatura tamén no acceso á instalación. – O horario de chegada deberá cumprirse rigorosamente, non se poderá acceder á instalación con antelación á hora designada para o adestramento. – Na medida do posible, limitar o acceso á instalación deportiva dos pais ou acompañantes dos/das xogadores/as, quedando a decisión da entidade dar permiso unicamente para acompañar ós menores de idade ata a zona de adestramento, evitando que queden nesta zona unha vez que o adestrador ou persoa designada recolle aos/ás xogadores/as.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

ADESTRAMENTO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa	Contacto con outros membros do equipo na entrada á instalación.	<ul style="list-style-type: none"> – Prohibición de permanecer en zonas de acceso a instalación. – Escalonar temporalmente a chegada do persoal do equipo para impedir a masificación da zona de acceso. – Manter distancia de seguridade en todo momento e levar máscara.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Superficie de uso secuencial/alternativo -Vía aérea	Utilización dos vestiarios.	<ul style="list-style-type: none"> – Seguir as indicacións da normativa en vigor e do titular da instalación. – Na medida do posible evitar o uso do vestiario e especialmente da ducha. – No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento/competición deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. – No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións. – Organizaranse os turnos que sexan necesarios para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección. – Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas. – Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza. – Evitar falar, berrar, celebracións, etc... mentres esteamos no vestiario.
		-Persoa a persoa		<ul style="list-style-type: none"> – Atender ao establecido pola normativa en vigor e polo titular da instalación.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

ADESTRAMENTO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	STAFF FUTBOLISTAS OUTROS ALLEOS	-Superficie de uso secuencial/alternativo -Vía aérea	Utilización dos aseos.	<ul style="list-style-type: none"> – Uso de máscara. – Manter a distancia de seguridade interpersoal. – Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. – Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcolico ao entrar e ao saír.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Superficie de uso secuencial / alternativo / simultáneo	Uso de calzado específico para o adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Posibilidade de habilitar zona de desinfección do calzado ó acceder á instalación. – Antes de acceder a pista ou zona de adestramento, cambiar obrigatoriamente o calzado que se trae da casa e colocalo na zona designada para o equipamento persoal.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Superficie de uso secuencial / alternativo / simultáneo	Mochilas ou equipamento persoal.	<ul style="list-style-type: none"> – Habilitar unha zona específica para que os membros do equipo poidan deixar os seu equipamento persoal. – Esta zona debe ser privada e dun tamaño suficiente para poder separar o equipamento de maneira segura. Idealmente ó aire libre ou ben ventilada. – O acceso a esta zona debe ser limitado e controlado en todo momento polo persoal do club ó que se lle asigne esta función. – Esta zona deberá ser desinfectada despois de cada uso.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Superficie de uso secuencial/alternativo -Vía aérea	Utilización do almacén.	<ul style="list-style-type: none"> – O acceso ó almacén deberá estar limitado a unha ou varias persoas, que serán os/as encargados/as da correcta manipulación/desinfección do material. – No caso de que sexa un almacén compartido por varios clubs, evitar en todo momento compartir espazo entre os distintos clubs. – Uso da máscara en todo momento. – Levar a cabo unha ventilación continuada dese espazo.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

ADESTRAMENTO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	STAFF FUTBOLISTAS	-Material de uso secuencial/alternativo	Utilización segura do balón.	<ul style="list-style-type: none"> – Desinfección dos balóns despois de cada adestramento. – Non utilizar os mesmos balóns en sesións consecutivas de diferentes equipos do club para permitir que a desinfección teña o efecto desexado.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Material deportivo de uso secuencial	Tratamento de fisioterapia en sala e padiola.	<ul style="list-style-type: none"> – Uso do equipo de protección individual necesario segundo se estableza nos protocolos do colectivo de fisioterapeutas (luvas, máscara, bata, gafas, etc...) – Evitar o tratamento fisioterapéutico en sala sempre que sexa posible. – No caso de usar unha sala, ventilala de forma continuada e procurar que sexa exclusivamente para este uso. De non ser posible usala únicamente para tratamento de fisioterapia, desinfectar en profundidade no caso de cambiar de uso. – Desinfección da padiola e do material de fisioterapia despois de cada tratamento. – Uso de xel desinfectante antes e despois de cada tratamento tanto por parte do profesional de fisioterapia como do/a futbolista.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Vía aérea	Charla explicativa previa ao adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Evitar a celebración destas charlas en espazos pechados (vestiarios...) – Uso de máscara en todo momento. – Manter a distancia de seguridade (+1,5 metros) e reducir a súa duración o máximo posible. – Enviar previamente o traballo a realizar aos deportistas para minimizar estas situacións.
	STAFF FUTBOLISTAS	Compartir alimentos e bebidas	Uso compartido de botellas como método de hidratación.	<ul style="list-style-type: none"> – Prover a cada membro do equipo dunha botella para un uso individual durante toda a tempada marcada co nome e apelidos para evitar confusións no seu uso nos adestramentos. – Cada membro utiliza e manipula a súa botella, sen que sexa tocada por ninguén máis.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

ADESTRAMENTO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	OUTROS ALLEOS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Chegada dos pais acompañando ós/ás xogadores/as ó adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Na medida do posible, limitar o acceso á instalación deportiva dos pais ou acompañantes dos/das xogadores/as, quedando a decisión da entidade dar permiso unicamente para acompañar ós menores de idade ata a zona de adestramento evitando que queden na instalación unha vez que o adestrador ou persoa designada recolle aos/ás xogadores/as. – Idealmente, persoal do club acompañará ó/á futbolista desde a zona da ENTRADA ata a zona de adestramento. – Evitar aglomeracións nos accesos.
DURANTE	STAFF FUTBOLISTAS	-Vía aérea -Persoa a persoa	Accesos ó campo de adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Marcar claramente zonas diferentes de ENTRADA e SAÍDA ó campo de adestramento. – Escalonar horarios de ENTRADA e SAÍDA ó campo de adestramento para evitar coincidir dous ou máis equipos no mesmo espazo e tempo. – Evitar permanecer en zonas de acceso. – No caso de ter que agardar durante un tempo á entrada ou saída do campo de adestramento, utilizar espazos abertos ou graderíos onde sexa posible manter a distancia de seguridade (+1,5 metros) usando sempre a máscara.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Vía aérea -Persoa a persoa	Espazos de adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Como medida xeral, o espazo de adestramento dun equipo será como mínimo medio campo de fútbol. – Queda prohibida a interacción entre os integrantes de varios equipos, isto é, aqueles que ocupen un espazo determinado durante o adestramento non poderán “invadir” o espazo doutro equipo, polo que o club deberá delimitar cada un dos espazos garantindo en todo momento que se poidan evitar estas interaccións entre equipos. – Recoméndase ter en consideración a GUÍA DXTGALEGO Nº2 para o cálculo do espazo por deportista para reducir o risco de contaxio: – (https://deporte.xunta.gal/sites/w_deport/files/documentacion/paxina_estatica/xunta-deportes-protocolo-galego_parte2.pdf)

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

ADESTRAMENTO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
DURANTE	STAFF FUTBOLISTAS	-Material deportivo de uso secuencial/alternativo	Utilización do material deportivo durante o adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Lavado de mans e/ou uso de xel desinfectante de forma continuada. – Desinfección do material antes e despois da actividade ou de cada tarefa se fose posible segundo o establecido no punto 5.1 deste protocolo. – Na medida do posible, non usar os bancos (pausas, charlas, etc.) En caso de ser necesario, determinarase a asignación previa dos asentos para o seu uso, garantindo a distancia de seguridade de +1,5 m, a utilización de máscara se a espera ou descanso vai máis alá ca o propio do cambio entre tarefas. Desinfectarase despois de cada uso. En ningún caso compartir material de uso individual como poden ser os silbatos.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Vía aérea	Explicación de tarefas durante o adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Na medida do posible, evitar situacións que impidan manter a distancia de seguridade de +1,5 metros (explicacións conxuntas, pausas, etc.) O staff sempre deberá utilizar as máscaras. – Aproveitar as pausas para o uso de xel hidroalcolico.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Compartir alimentos e bebidas	Uso compartido de botellas como método de hidratación.	<ul style="list-style-type: none"> – Prover a cada membro do equipo dunha botella para un uso individual durante toda a tempada marcada co nome e apelidos para evitar confusións no seu uso nos adestramentos. – Cada membro utiliza e manipula a súa botella, sen que sexa tocada por ninguén máis. – Delimitar espazos para a hidratación durante o adestramento, para permitir manter a distancia de seguridade entre os/as futbolistas e evitar así que se mesturen as botellas.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Material deportivo de uso secuencial -Vía aérea	Adestramento en ximnasio.	<ul style="list-style-type: none"> – Evitar o traballo de ximnasio en sala. Trasladar ó aire libre. – Manter distancia de seguridade (+1,5 metros). – Uso de máscara en todo momento. – Dotar de rolos de papel e xel a cada zona de traballo para a desinfección de cada aparato ou material despois de cada uso. – Uso de xel hidroalcolico antes do comezo e ó final da práctica no ximnasio.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

ADESTRAMENTO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
DURANTE	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Rotura da máscara.	<ul style="list-style-type: none"> – Alonxarse a distancia de seguridade e cambiala máscara. – Lavado de mans con auga e xabón ou con xel hidroalcolico antes de cambiar a máscara. – Deberán sempre ter recambios de máscara por se esto pasa.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Desprazamento da máscara.	<ul style="list-style-type: none"> – Alonxarse a distancia de seguridade e axustar a máscara – Deberán sempre ter recambios de máscara por se esto pasa.
	FUTBOLISTAS	-Material deportivo de uso simultáneo	Transporte de material deportivo (porterías portátiles, etc.)	<ul style="list-style-type: none"> – Desinfección do material deportivo despois de cada manipulación. – Uso de xel hidroalcolico. – Manter a distancia de seguridade (+1,5 metros) e utilizar máscara se o transporte se realizara antes ou despois do adestramento.
	FUTBOLISTAS	-Material deportivo de uso secuencial	Uso colectivo de roupa de adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Prohibido o intercambio de petos, sudaderas ou roupa de adestramento entre xogadores/as. – Entregar a roupa de adestramento a cada xogador/a de uso individual para toda a tempada, incluído petos ou aquilo que cada entidade crea necesario.
DESPOIS	STAFF FUTBOLISTAS	-Material deportivo de uso secuencial / simultáneo -Vía aérea	Uso de equipacións e material subministrado polo club	<ul style="list-style-type: none"> – Recoméndase evitar o uso da lavandería para lavar as prendas dos membros do club. – No caso de usarse, deberán terse en conta os protocolos sanitarios específicos para este tipo de servizos. – Promover que cada membro do equipo se faga cargo do seu material deportivo evitando así que diferentes persoas entren en contacto co dito material.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

ADESTRAMENTO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
DESPOIS	STAFF FUTBOLISTAS	-Material deportivo de uso secuencial / simultáneo -Vía aérea -Persoa a persoa	Recollida do material de adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Designar previamente as persoas para facer este traballo cada adestramento. – Coordinar esta tarefa co encargado do almacén para a conseguinte desinfección de todo o material. – Gardar o material no espazo asignado para evitar que se mesture con outro. – Lavado de mans e/ou uso do xel hidroalcolico.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Utilización dos vestiarios para cambio de roupa e/ou ducha.	<ul style="list-style-type: none"> – Seguir as indicacións da normativa en vigor e do titular da instalación. – Na medida do posible evitar o uso do vestiario e especialmente da ducha. – No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento/competición deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. – No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un numero de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións. – Organizaranse os turnos que sexan necesarios para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección. – Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberan levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas – Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza. – Evitar falar, berrar, celebracións , etc... mentres esteamos no vestiario.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

ADESTRAMENTO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
DESPOIS	STAFF FUTBOLISTAS	-Uso compartido de alimentos e bebidas	Compartir alimentos despois do adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Prohibir a permanencia nas zonas de acceso á instalación despois da finalización do adestramento. – Recoméndase tomar as medidas correspondentes establecidas na normativa sobre venta de alimentos e bebidas. – Non compartir alimentos nin bebidas (staff, futbolistas..)
	FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Futbolistas agardando para volver a casa despois do adestramento.	<ul style="list-style-type: none"> – Habilitar unha zona do graderío da instalación ou similar para os futbolistas que teñen que agardar para ser recollidos. Manter a distancia de seguridade de 1,5 metros en todas as direccións e levar máscara en todo momento.
	OUTROS ALLEOS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Pais e familiares xuntos agardando os/as xogadores/as dentro da instalación.	<ul style="list-style-type: none"> – Limitar o acceso á instalación, salvo que se poida garantir que poidan dispor dun espazo aberto como pode ser unha grada, no que se garanta a distancia de seguridade (+1,5 metros nas catro direccións), que se cumpran os límites de aforo establecido, que estean con máscara e que o tempo de permanencia sexa o mínimo necesario e sempre sentados. – O ideal é que persoal do club acompañará ó/á futbolista desde a zona de adestramento ata a zona de SAÍDA. – Evitar aglomeracións.

ANEXO 3

PARTIDOS

**Potenciais situacións de
contaxio e medidas concretas
para cada unha desas
situacións de risco**

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

PARTIDO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES			Celebración de partidos simultáneos e/ou consecutivos na mesma instalación.	<ul style="list-style-type: none"> – No caso de non utilizar os vestiarios, poderán celebrarse partidos de modo simultáneo/consecutivo, garantindo o tempo e o espazo suficiente para evitar aglomeracións nos accesos á instalación e ao propio terreo de xogo. – No caso de utilizar os vestiarios, haberá que agardar o tempo necesario entre a entrada e saída de equipos, para levar a cabo unha correcta ventilación e desinfección destes, garantindo ademáis o cumprimento do resto de medidas establecidas neste protocolo no tocante ao uso dos vestiarios.
	STAFF FUTBOLISTAS		Avaliación e diagnose individual previo ó partido.	<ul style="list-style-type: none"> – Indicar ós membros do equipo que deben facerse obrigatoriamente unha autoavaliación previa a acudir o partido, consistente en descartar a presenza de síntomas asociados á COVID-19 tales como febre (máis de 37,5º), tose ou dificultade para respirar. No caso de ter algún destes síntomas, non se deberá acudir á actividade en ningún caso. – Obrigatorio realizar un control de temperatura por parte do titular da instalación ou por parte de persoal do club á chegada á instalación. – Prohibición de asistir ó partido no caso de estar diagnosticado como positivo de COVID-19 ata que dispoña da alta epidemiolóxica, no caso de estar pendente de resultados de probas diagnósticas do sistema sanitario ou de ser coñecedor de ter estado en contacto estreito nos últimos 14 días con algunha persoa positiva por COVID19.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

PARTIDO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Desprazamento á instalación.	<ul style="list-style-type: none"> – Uso da máscara en todo momento. – Evitar compartir transporte con xente coa que non se convive na medida do posible. – No caso de desprazarse en coche compartido con xente coa que non se convive, manter un distanciamento máximo, evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.) e ventilación do vehículo. – No caso de desprazamento en autobús, asegurarse de que o mesmo foi desinfectado antes do viaxe. Ademais, minimizar na medida do posible os compoñentes da expedición. Manter o distanciamento de seguridade e evitar o contacto físico así coma tocar obxectos do vehículo. Utilizar o mesmo asento no traxecto de ida e volta.
	STAFF FUTBOLISTAS DIRECTIVOS OUTROS ALLEOS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Chegada á instalación.	<ul style="list-style-type: none"> – Uso da máscara obrigatoria durante TODA a estancia na instalación, a excepción dos/as futbolistas cando realicen TAREFAS DE QUECEMENTO que permitan garantir en todo momento a distancia de seguridade interpersonal. Non obstante, a RFGF recomenda usar máscara en todo momento. – Idealmente, establecer zonas diferentes de ENTRADA e SAÍDA da instalación. – Escalonar a entrada dos membros de cada clube. – Designar unha persoa que reciba en nome do club ós/ás futbolistas/staff na zona sinalada de Entrada á instalación. – Dispor de xel hidroalcolico para o uso continuado dos asistentes á actividade por parte da entidade deportiva ou titular da instalación. – Recomendar tamén a cada membro do club traer o seu propio xel. – Obrigatorio realizar control de temperatura tamén no acceso á instalación. – Evitar aglomeracións nas zonas de acceso.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

PARTIDO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	OUTROS ALLEOS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Público.	<ul style="list-style-type: none"> – Permítese o acceso de público á instalación sempre que se cumpra coa normativa en vigor sobre a asistencia de público ás competicións deportivas e ao establecido polo titular da instalación. – Manter a distancia de seguridade (1,5m) en todas direccións. – Marcar os asentos para evitar intercambios de sitio. – Uso de máscara en todo momento. – Dispor de xel para desinfección.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Superficie de uso secuencial/alterno -Vía aérea	Utilización dos vestiarios.	<ul style="list-style-type: none"> – Seguir as indicacións da normativa en vigor e do titular da instalación. – Na medida do posible evitar o uso do vestiario e especialmente da ducha. – No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento/competición deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. – No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións. – Organizaranse os turnos que sexan necesarios para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección. – Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas. – Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza. – Evitar falar, berrar, celebracións, etc... mentres esteamos no vestiario – Cando as condicións climatolóxicas sexan adversas, no caso do fútbol, se o equipo visitante tivera que desprazarse a xogar o partido desde unha localidade a unha distancia superior a 50 quilómetros (calculada nunha única dirección), o equipo local procurará deixarlle a aquel o máximo número posible de vestiarios.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

PARTIDO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	STAFF FUTBOLISTAS OUTROS ALLEOS	-Persoa a persoa -Superficie de uso secuencial/alternativo -Vía aérea	Utilización dos aseos.	<ul style="list-style-type: none"> – Atender ao establecido pola normativa en vigor e polo titular da instalación. – Uso de máscara. – Manter a distancia de seguridade interpersonal. – Respetar as quendas de uso para cumprir aforos. – Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír
	STAFF FUTBOLISTAS	-Superficie de uso secuencial / alternativo / simultáneo	Uso de calzado específico para o partido.	<ul style="list-style-type: none"> – Posibilidade de habilitar zona de desinfección do calzado ó acceder á instalación. – Antes de acceder o terreo de xogo, cambiar obrigatoriamente o calzado que se trae da casa e colocalo na zona designada para o equipamento persoal.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Superficie de uso secuencial / alternativo / simultáneo	Mochilas ou equipamento persoal .	<ul style="list-style-type: none"> – No caso de non poder usar o vestiario, habilitar unha zona específica para que os membros do equipo poidan deixar os seu equipamento persoal. – Esta zona debe ser privada e dun tamaño suficiente para poder separar o equipamento de maneira segura. Idealmente ó aire libre ou ben ventilada. – O acceso a esta zona debe ser limitado e controlado en todo momento polo persoal do club ó que se lle asigne esta función. – Esta zona deberá ser desinfectada despois de cada uso.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Material de uso secuencial/alternativo	Utilización segura do balón.	<ul style="list-style-type: none"> – Desinfección dos balóns antes e despois de cada partido. Idealmente, facelo sempre que se cambie o balón co que se está xogando o partido.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

PARTIDO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Material deportivo de uso secuencial	Tratamento de fisioterapia en sala e padiola.	<ul style="list-style-type: none"> – Uso do equipos de protección individual necesario segundo se estableza nos protocolos do colectivo de fisioterapeutas (luvas, máscara, bata, gafas, etc...) – Evitar o tratamento fisioterapéutico en sala sempre que sexa posible. – No caso de usar unha sala, ventilala de forma continuada e procurar que sexa exclusivamente para este uso. De non ser posible usala únicamente para tratamento de fisioterapia, desinfectar en profundidade no caso de cambiar de uso. – Desinfección da padiola e do material de fisioterapia despois de cada tratamento. – Uso de xel desinfectante antes e despois de cada tratamento tanto por parte do profesional de fisioterapia como do/a futbolista.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Vía aérea	Charla explicativa previa ao partido.	<ul style="list-style-type: none"> – Evitar a celebración destas charlas en espazos pechados (vestiarios...) – Uso de máscara en todo momento. – Manter a distancia de seguridade (+1,5 metros) e reducir a súa duración o máximo posible.
	STAFF FUTBOLISTAS	Compartir alimentos e bebidas	Uso compartido de botellas como método de hidratación.	<ul style="list-style-type: none"> – Prover a cada membro do equipo dunha botella para un uso individual durante toda a tempada marcada co nome e apelidos para evitar confusións no seu uso nos partidos. – Cada membro utiliza e manipula a súa botella, sen que sexa tocada por ninguén máis. Non compartir botellas nunca.
	STAFF	Vía aérea Material de uso secuencial	Procedemento de entrega de listaxes e documentación ós árbitros.	<ul style="list-style-type: none"> – A aliñación introdúcese na intranet da Federación para evitar ter que acceder ós vestiarios arbitrais e o intercambio de papel na medida das posibilidades.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

PARTIDO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
DURANTE	STAFF FUTBOLISTAS	-Vía aérea -Persoa a persoa	Accesos ó terreno de xogo.	<ul style="list-style-type: none"> – Marcar claramente zonas diferentes de ENTRADA e SAÍDA ó terreo de xogo. – Evitar permanecer en zonas de acceso.
	FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía Aérea	Protocolo de saída e cerimonia de fair play previa ó inicio do partido (saúdo de mans)	<ul style="list-style-type: none"> – Sairá ó campo en primer lugar o equipo local, a continuación o equipo arbitral, e por último o equipo visitante. – Non se realiza cerimonia de pasamáns.
	FUTBOLISTAS STAFF	-Persoa a persoa -Vía aérea	Permanencia nos bancos.	<ul style="list-style-type: none"> – Ocupar o número de asentos que permita manter a distancia de seguridade (+1,5m) no banco. Determinar previamente a asignación dos asentos. – Evitar a contacto físico. – Uso de máscara en todo momento. – Únicamente o adestrador principal poderá retirar a máscara en momentos puntuais para dar instrucións aos deportistas que estean xogando se fora imposible que o escoitaran coa máscara posta e neste caso deberá estar a máis distancia ca 1,5 metros e non dirixirse cara a cara aos deportistas. En ningún caso poderá quitar a máscara para dirixirse aos deportistas que estean no banquiño, árbitros, etc. – Delimitar unha zona do graderío ou similar específica para o resto de suplentes/staff. – Desinfectar antes e despois do seu uso. – No momento de quecemento durante o partido, deberán manter sempre a distancia de seguridade e usar a máscara.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

PARTIDO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
DURANTE	STAFF	-Persoa a persoa -Vía aérea	Árbitros.	-Uso obrigatorio de máscara. -Utilizar silbato de man.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Asistencia sanitaria.	– Tanto persoal sanitario como xogadores usarán a máscara mentras o atendan. – Desinfección do material antes e despois da atención de cada persoa. – Uso de xel/lavado de mans por parte do sanitario despois da asistencia.
	STAFF E FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Rotura da máscara.	– Alonxarse a distancia de seguridade e cambiala máscara – Desinfección de mans con auga e xabón ou con xel hidroalcolico antes de cambiar a máscara. – Deberán sempre ter recambios de máscara por se esto pasa.
	STAFF FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Desprazamento da máscara.	– Alonxarse a distancia de seguridade e cambiala máscara – Deberán sempre ter recambios de máscara por se esto pasa.
	FUTBOLISTAS	-Material deportivo de uso secuencial	Uso colectivo de petos, sudaderas...	– Evitar compartir ou intercambiar petos, sudaderas ou outro material.
	FUTBOLISTAS	-Persoa a persoa	Contacto físico.	– Na medida do posible, limitar todo contacto evitable entre os propios compañeiros e rivais en forma de saúdos, apertas, celebracións etc.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

PARTIDO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
DESPOIS	FUTBOLISTAS STAFF	-Persoa a persoa	Utilización dos vestiarios para cambio de roupa e/ou ducha.	<ul style="list-style-type: none"> - Seguir as indicacións da normativa en vigor e do titular da instalación. - Na medida do posible evitar o uso do vestiario e especialmente da ducha. - No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento/competición deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. - No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións. - Organizaranse os turnos que sexan necesarios para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección. - Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas. - Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza. - Evitar falar, berrar, celebracións , etc... mentres esteamos no vestiario - Cando as condicións climatolóxicas sexan adversas, no caso do fútbol, se o equipo visitante tivera que desprazarse a xogar o partido desde unha localidade a unha distancia superior a 50 quilómetros (calculada nunha única dirección), o equipo local procurará deixarlle a aquel o máximo número posible de vestiarios.

FÚTBOL E FÚTBOL SALA

PARTIDO

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
DESPOIS	STAFF	-Vía aérea -Material de uso secuencial	Entrega de actas ós equipos por parte dos árbitros.	– Acta online na intranet da RFGF
	OUTROS ALLEOS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Saída do público da instalación.	– Facilitar e delimitar o maior número de portas de saída evitando o cruzamento da xente. – Intentar indicar ó público que debe abandonar a instalación coa máxima premura e orden posible e sempre respetando a distancia de seguridade interpersonal e usando a máscara en todo momento.
	FUTBOLISTAS OUTROS ALLEOS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Futbolistas ou pais agardando para volver a casa despois do partido.	– Habilitar unha zona do graderío da instalación ou similar para os futbolistas/pais que teñen que agardar. Manter a distancia de seguridade de 1,5 metros en todas as direccións e levar máscara en todo momento. – Evitar a permanencia en zonas de acceso.
	STAFF FUTBOLISTAS OUTROS ALLEOS	-Persoa a persoa -Vía aérea	Protocolo de entrega de premios no caso de torneos ou eventos.	– Uso de máscara en todo momento e mantemento de distancia de seguridade interpersonal. – Os trofeos/medallas estarán previamente desinfectados. – As autoridades non farán entregas directamente; os trofeos/medallas estarán en unha mesa onde o deportista o recolle directamente e fará a foto en un sitio predefinido coa autoridade mantendo a distancia de seguridade. – Disporanse os premios de xeito que os deportistas o recollan persoalmente e sen manipular ningún outro material. – Tanto deportistas como autoridades terán unha distribución que permita manter as distancias de seguridade e as medidas hixiénicas establecidas polas autoridades. – Non se farán fotos oficiais de grupo, “de familia” ou outras que supoña non poder manter as distancias de seguridade.